



PLAN DE CONVIVENCIA



ÍNDICE

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN.....	4
1.1 XUSTIFICACIÓN.....	4
1.2 PRINCIPIOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	4
1.3 CARACTERÍSTICAS DO CPI CAMIÑO DE SANTIAGO.....	5
1.4 SITUACIÓN DA CONVIVENCIA.....	6
2. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	7
3. COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	9
4. DEREITOS E DEBERES NA CONVIVENCIA.....	12
5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS.....	15
5.1 NORMAS DE ORGANIZACIÓN E CONVIVENCIA.....	15
5.2 CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.....	36
5.3 AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.....	43
PROCEDEMENTOS DE COMUNICACIÓN.....	45
5.4 PROCEDEMENTOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO.....	46
a) Plan de acollida do alumnado.....	46
b) Atención do alumnado ao que se lle aplique algún dos protocolos establecidos na lexislación.....	48
c) Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso.....	48
5.5 PLAN DE ACTUACIÓNS PARA A IGUALDADE.....	64
5.6 PROTOCOLO DE MEDIACIÓN.....	66
5.7 PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS.....	67
5.8 ACTUACIÓNS ANUAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	60
6. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO	



DO PLAN.....	75
7. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN.	76
8. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.	77
9. ANEXOS.....	78

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN.

1.1 XUSTIFICACIÓN.

Unha das metas da educación é aprender a convivir, co obxectivo de formar cidadáns preparados para desenvolver a súa vida, respectándose a si mesmos e ás demais persoas, responsabilizándose dos seus actos e procurando unha sociedade máis xusta e democrática.

Entendemos a convivencia escolar como a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

O éxito educativo está en ensinar e aprender a convivir.

Partindo desta idea e a través deste documento preténdese poñer os medios para previr aquelas situación de conflito, facilitando así un bo clima de centro que propicie que a vida escolar se desenvolva de xeito ordenado e gratificante. Isto traerá como consecuencia un incremento do tempo adicado a ensinanza e ao aprendizaxe, o que redundará nun maior éxito persoal e académico.

1.2 PRINCIPIOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

1. A convivencia nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia deberá ter como referentes xerais os principios establecidos pola Constitución española e as leis orgánicas que a desenvolvan, o Estatuto de autonomía de Galicia e a lexislación que del dimana, en especial a Lei 4/2011, así como a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais en materia educativa ratificados por España.

2. En particular, a convivencia nos centros docentes orientarase aos seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación:

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o

cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia,

así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.

f) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

g) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

1.3 CARACTERÍSTICAS DO CPI CAMIÑO DE SANTIAGO.

A descrición e as características aparecen detalladas no PEC.

O CPI Camiño de Santiago é o único centro do Concello de O Pino onde se imparten as tres etapas educativas (ESO, EP e EI). Existe unha escola de educación infantil (1º ciclo) da rede de Galiñas Azuis e unha escolas unitaria (EEI Gonzar) que integran ao seu alumnado neste centro, unha vez que rematan os ciclos educativos que teñen asignados.



Na actualidade somos un centro de 358 alumnos/as, 39 profesores/as, 6 persoas de administración e servizos e 14 nais colaboradoras do comedor escolar.

O horario lectivo do centro na ESO comeza ás 8:30h. e remata ás 14:10h. agás os martes que contamos tamén con horario de tarde dende as 15:50h. ata as 17:30h.

No caso EI e EP o horario lectivo comeza ás 9:30h. e remata ás 14:30h.

Asemade o centro conta con servizo de madrugadores ás 8:00h, transporte escolar e comedor escolar.

En EI e EP o alumnado transportado e todo aquel que así o desexe conta con actividades extraescolares organizadas pola ANPA (de pago) e o Concello . Asemade o profesorado abre a biblioteca e a sala de informática. As nais/pais que colaboran no comedor supervisan e custodian o alumnado que asiste a actividades lúdicas en dúas aulas.

1.4 SITUACIÓN DA CONVIVENCIA.

Na actualidade o clima de convivencia no centro é en xeral bo, aínda que se dan algunhas situacións de conflito que se poden mellorar. Para resolver estas situacións, sempre se emprega o diálogo aínda que tamén, en ocasións, se acompañan de medidas disciplinarias máis severas.

Para analizar o estado da convivencia do centro empregamos os seguintes instrumentos:

- Enquisas para os distintos integrantes da comunidade educativa.
- Revisión dos partes de incidencias.
- Reunións e consultas co persoal docente e non docente.

Os **conflitos máis frecuentes** cos que nos atopamos son:

- Condutas disruptivas como interrupcións das clases, a non realización das actividades escolares, mentir ou falar a berros, vir desprovistos do material escolar necesario...

- Indisciplina: falta de cumprimento das normas elaboradas e aprobadas pola Comunidade Educativa, desacato á autoridade dos docentes ou adultos/as

colaboradores/as (no caso do comedor escolar) e agresións físicas e verbais entre o alumnado que xeran certa conflitividade.

- En menor medida tamén hai algún acto de vandalismo ou deterioro grave de obxectos e mobiliario do centro.

Os conflitos entre o alumnado son moito máis frecuentes que os conflitos co profesorado. Case todos eles ocorren no recreo, nos cambios de clase ou de aula e tamén no espazo de tempo relacionado co comedor escolar.

As **causas** adoitan ser:

- No caso do alumnado: falta de motivación, dificultades de aprendizaxe, impulsividade e pouca reflexión, falta de estratexias para resolver os conflitos axeitadamente ou a ausencia de referentes de autoridade que transmitan límites que non se deben sobrepasar.

- En canto ás familias atopamos, nalgúns casos, falta de colaboración e/ou implicación nos aspectos escolares ou de convivencia no centro. Nestes casos, por parte das familias, soe haber pouco seguimento da evolución académica e mesmo emocional do alumnado.

- En canto a sociedade actual, a falta de valores e respecto considérase algo a destacar.

2. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

OBXECTIVOS XERAIS.

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

1. Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
2. Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e

acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

3. Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

4. Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.

5. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

6. Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

7. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

8. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

9. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

- Recoller nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro (NOFC) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos etc.).

- Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).

- Revisar e adaptar os documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.

- Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
- Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
- Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
- Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...) ou calquera tipo de discriminación por razóns de orixe, raza, orientación sexual....
- Fomentar a autoestima e o coñecemento dun mesmo, tendo en conta as capacidades e limitacións de cada quen.
- Colaborar con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, sanidade, xustiza, igualdade... e con outras organizacións non oficiais (ONG, fundacións...).
- Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.

3. COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

A comisión de convivencia terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar.

Composición e elección dos seus membros:

Os seus membros serán elixidos polo consello escolar do centro.

Deberán estar representados, de forma equilibrada, mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.

Os integrantes da comisión de convivencia serán nomeados pola persoa responsable da dirección do centro, por proposta dos colectivos representados.

Composta por:

- O seu presidente será a persoa titular da dirección do centro.

- 3 Representantes do alumnado.
- 6 Representantes do profesorado.
- 3 Representantes das familias.
- 1 Representante do persoal de administración e servizos.
- Orientadora do Centro.

Todos os representantes estarán na mesma proporción na que se encontran representados no consello escolar do centro, aínda que non é requisito que sexan os mesmos.

Unha das persoas integrantes actuará como secretaria e redactará a acta das súas reunións.

Profesionais aconsellables na composición da comisión de convivencia:

- Persoa que ocupe a xefatura do departamento de orientación.
- Calquera outro membro da comunidade educativa que teña formación e sensibilidade nos temas relacionados coa convivencia.

Funcións/Actuacións da comisión de convivencia.

Elaborar o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do seu desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión, función que será asumida polo equipo directivo cando non estea constituída, que será aprobado polo consello escolar do centro, tal como se recolle no artigo 10 da Lei 4/2011.

Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no plan e normas de convivencia.

Elevar ao consello escolar de cada centro e recoller na memoria anual da comisión de convivencia as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo propostas polas escolas de nais e pais que se poidan crear no centro e se establezan no plan de convivencia.

Funcións, por delegación do consello escolar:

- Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do plan de convivencia do centro.

– Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

– Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica dos conflitos.

– Propoñerlle ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

– Propoñerlle, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

– Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

– Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

– Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, no que se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia: este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.

– Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro ou o órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Posibilidade de asesoramento/colaboración.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar:

- O asesoramento dos profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro.
- Colaboración:
 - Do profesorado titor relacionado co tema que se analice.
 - Do educador ou educadora social do concello onde se atope o centro educativo.
 - Doutras profesionais segundo a problemática de que se trate.

– Das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

Plan de reunións/xuntanzas

Mínimas:

- Ordinarias: tres xuntanzas anuais de carácter ordinario, unha por trimestre.
- Extraordinarias: cantas veces sexa convocada por:
 - A súa presidencia por iniciativa propia.
 - Proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

4. DEREITOS E DEBERES NA CONVIVENCIA.

1. Dereitos e deberes do alumnado.

O alumnado ten dereito:

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa (nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011).

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do

centro.

c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro.

e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do centro.

g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

2. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores legais.

As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.

b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.

c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.

d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.

b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indica-

cións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

3. Dereitos e deberes do profesorado.

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.

e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Son deberes do profesorado:

a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas,

cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

4. Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.

Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.

d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011.

Son deberes do persoal de administración e de servizos:

a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS.

5.1 NORMAS DE ORGANIZACIÓN E CONVIVENCIA.

As normas de convivencia, terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para

lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

ENTRADAS E SAÍDAS.

RECINTO ESCOLAR.

- O alumnado usuario do transporte escolar, ao saír do autobús deberá entrar directamente no recinto escolar.
- O profesorado de garda de transporte custodiará ao alumnado transportado á entrada e a saída.
- Os/as pais/nais acompañarán ós seu fillos/as só ata a porta de entrada do centro, sen impedir a entrada do resto do alumnado (agás as familias de educación infantil que deberán abandonar o recinto unha vez que toque o timbre).
- Á saída, unicamente os pais/nais ou persoas autorizadas poderán recoller ao alumnado no patio.
- O alumnado da ESO, 5º e 6º que conte coa autorización correspondente poderá saír só do centro ao rematar a xornada escolar.
- O alumnado da ESO, 5º e 6º que conte coa autorización correspondente poderá recoller aos seu irmás/irmáns e saír do recinto escolar, unha vez finalizada a xornada.
- Para calquera saída do centro, en horario lectivo, os responsables legais ou autorizados, que veñan recoller o alumno/a deberán asinar, na secretaría, o libro de rexistro correspondente. Sen este trámite o/a alumno/a non poderá saír do centro.
- No caso de que algún alumno/a non sexa recollido no horario de saída, contactarase coa familia. Se isto non fose posible, avisarase ao teléfono de emerxencia 112 para que se faga cargo do alumno/a.
- O portal de acceso á zona dos autobuses e ao aparcadoiro do persoal do centro será utilizado exclusivamente polo profesorado, polo persoal laboral ou persoas autorizadas pola dirección do centro.
- Na ESO no momento da saída, o alumnado transportado de secundaria, debe dirixirse directamente ao autobús correspondente.

EDIFICIO E AULAS.

- As entradas e saídas faranse ordenadamente, sen correr e mantendo un ton de voz axeitado, procurando evitar as aglomeracións nos corredores e nos servizos.
- Todo o alumnado ao rematar as clases e antes de saír, deberá deixar recollido o material escolar. Procurarase que as fiestras queden pechadas, as luces apagadas e as cadeiras subidas.
- As entradas, saídas e cambios de clase faranse con puntualidade para evitar que as aulas queden sen profesor/a e garantir que cada grupo poida dispor do tempo establecido para cada sesión.
- Ás saídas das clases o profesorado deberá esperar a que todos os alumnos/as estean fóra da aula e encargarse de pechar con chave a porta da mesma.
- Despois do remate da xornada lectiva non se poderá acceder de novo aos corredores nin ás aulas se non é por causa xustificada e acompañado dalgunha persoa responsable (profesorado, colaborador/a de comedor ou conserxe).
- Ningunha persoa que non pertenza ao persoal do centro poderá acceder ás súas dependencias sen a correspondente autorización. Deberán dirixirse ao conserxe, que lle dará as indicacións oportunas.
- Ocasionalmente, por motivos puntuais, a dirección do centro poderá autorizar un uso diferente do establecido nestas normas nas entradas e saídas (festivais, xornadas de portas abertas...)

En EI e en EP.

- O alumnado que precise facer uso do aseo, antes de entrar nas clases, empregará os que están no patio.
- Cando toque o timbre o alumnado deberá situarse sen atraso no lugar indicado do patio cuberto e entrar por cursos, cando o profesorado de garda o indique, comezando por E. Infantil.
- Despois de comer e antes de ir para as actividades, os/as alumnos/as recollerán as súas pertenzas (mochilas, abrigos...) sempre baixo a vixilancia dos/as colaboradores/as de comedor.
- O profesorado de garda, ocuparase de que se respecte a orde nas subidas polas escaleiras e nos corredores sen cruzamentos, empurróns ou xogos.
- Os/as profesores/as, agás os/as de garda esperarán ao alumnado na en-

trada da aula do grupo que lle corresponda.

- Os/as profesores/as tutores/as de EI e EP, permanecerán na aula ata a chegada do/a profesor/a especialista, agás no caso no que o/a titor/a teña que realizar unha substitución ou que estea de garda. Neste caso, avisará ao profesor/a da clase contigua que vixiará aos alumnos/as ata que chegue o/a especialista.
- Ao remate da xornada, o alumnado de EI sairá 5 minutos antes para facilitar os desprazamentos ao comedor ou á saída, onde agardarán aos pais/nais ou persoas autorizadas. Os nenos e nenas de educación infantil usuarios do comedor serán recollidos na aula polo persoal colaborador do servizo, que os levarán directamente ao comedor antes da entrada do alumnado de primaria.
- O profesorado de garda nas actividades extraescolares ocupárase de supervisar a entrega do alumnado ás familias (autorizados/as) ou ás cuidadoras do autobús.

Na ESO.

- Ao comezo da xornada escolar o alumnado de secundaria accederá ao interior do edificio ou ás aulas unicamente acompañado por algún dos profesores/as de garda.
- Os/as alumnos/as da ESO deberán saír e entrar sempre pola porta que dá ao pavillón.
- Os martes, ao medio día, o alumnado que non fai uso do comedor empregará a porta principal.
- O profesorado de secundaria, deberá chegar á aula un pouco antes de que toque o timbre para abrir a porta da mesma.

DESENVOLVEMENTO DA XORNADA LECTIVA.

ASISTENCIA E PUNTUALIDADE.

- Alumnado e profesores asistirán a toda as clases ou actividades lectivas con puntualidade; os atrasos ou faltas deberán ser xustificados nos tres días seguintes coa documentación oportuna.
- Cada día, a primeira hora da mañá, o profesorado de EI e EP comunicará en conserxería, o alumnado usuario de comedor ausente.

- O profesorado cumprimentará no parte de aula e en XADE as faltas de asistencia e puntualidade do alumnado ao seu cargo.
- O titor/a tramitará a xustificación das faltas e retrasos do alumnado modificando en XADE as aceptadas e informará á xefatura de estudos de calquera irregularidade.
- Ante o retrasos inxustificadas e reiterados do alumnado, rexistrárase a incidencia correspondente.
- Cando un alumno/a acumule faltas ou atrasos sen xustificar, o titor/a debe comunicalo en xefatura de estudos.
- A xustificación das faltas do alumnado deberán ser entregadas, na maior brevidade posible, ao titor/a.

Faltas xustificables.

Con carácter xeral, teñen a consideración de xustificables as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:

- a) Citacións que impliquen un deber inescusable.
- b) Morte ou enfermidade grave dun familiar.
- c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares.
- d) Indisposición ou enfermidade leve, podendo ser xustificables ata un máximo de 3 días lectivos.
- e) Enfermidade, sendo necesario informe médico.

No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepcionais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non.

No caso de que o número de faltas inxustificadas ao mes se acerquen ao 15% do horario lectivo mensual, aplicarase o protocolo de absentismo escolar.

Na ESO, no caso de que o número de faltas inxustificadas, nunha mesma materia, se acerque ao 15% poderase perder o dereito á avaliación continua.

DEREITO DE "NON ASISTENCIA A CLASE".

Este apartado pretende dar cumprimento á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE 106, do 4-5-2006), disposición derradeira primeira, punto 5 que modifica o Artigo 8 da lei 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á edu-

cación que indica expresamente:

«Co fin de estimular o exercicio efectivo da participación dos alumnos nos centros educativos e facilitar o seu dereito de reunión, os centros educativos establecerán, ao elaborar as súas normas de organización e funcionamento, as condicións en que os seus alumnos poden exercer este dereito. Nos termos que establezan as administracións educativas, as decisións colectivas que adopten os alumnos, a partir do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria, con respecto á asistencia á clase non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas fosen resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro.»

Á espera da publicación da normativa correspondente e co obxecto de regularizar o proceso para preservar o dereito do alumnado de asistir ao centro e recibir docencia, así como o dos pais e nais do alumnado a recibir a información correspondente, ante calquera convocatoria de folga estudiantil procederase da seguinte maneira:

1. O alumnado reunirse cos seus delegados ou delegadas para informarse sobre as razóns que motivan a protesta e decidirán se a secundan ou non.
2. Os delegados ou delegadas de cada aula entregarán na dirección do centro, con a lo menos dous días de antelación, un documento asinado por eles/as, no que se exporán as razóns que motivan a protesta e a porcentaxe de seguimento da mesma na aula.
3. Ao día seguinte da recepción de dito documento, o alumnado levará para a casa unha circular informativa.
4. No caso de que o alumno ou alumna decida secundar a folga, deberá cumprimentar esta circular e entregala ao seu titor ou titora nos dous días seguintes á ausencia. Deste modo, a falta deste día ou días figurará como xustificada. (De entregala máis tarde non será xustificada).
5. O alumnado que faga uso do transporte ou entre no centro nos días de folga, será para asistir ás clases con total normalidade.
6. Se nestes días estivesen previstas probas, non poderán ser valoradas negativamente ou como “non realizadas” para o alumnado que non acuda ao centro, pero será decisión do profesorado valorar se, para poder cualificar aos estudantes, é necesario ou non que a proba sexa realizada noutro día e, de ser o caso, quen fixará a data para a realización da mesma.

7. Estes días o centro non se fará responsable do coidado e atención do alumnado que non se incorpore ás aulas.

AUSENCIAS DE PROFESORADO.

- O profesorado solicitará á dirección o permiso pertinente para faltar e notificará á xefatura de estudos a falta de asistencia con suficiente antelación, sempre que sexa posible, para prever as substitucións. No caso de haber varias solicitudes para un mesmo día, concederanse dúas por norma xeral, por orde de petición.
- O profesorado ante unha ausencia, deberá cubrir o anexo correspondente e achegar a documentación xustificativa.
- Sempre que as circunstancias o permitan, o profesor ou profesora ausente deberá deixar programado o traballo a realizar polo alumnado.
- As ausencias e retrasos do profesorado así como o docente que substitúe, quedarán rexistrados no libro de gardas correspondente.

GARDAS.

- Durante a xornada escolar haberá sempre profesorado de garda segundo as necesidades de cada momento e as dispoñibilidades do centro. O equipo directivo artellará o mellor xeito para que o profesorado de garda execute a súa tarefa, estando a persoa de garda obrigada a controlar o espazo asignado.
- O profesorado de garda de aula debe coordinarse para vixiar os corredores e atender ao alumnado no caso de que falte ou se retrase algún profesor/a.
- O profesorado de garda debe permanecer na sala de profesorado.
- O profesorado de garda debe asinar no libro de gardas correspondente e sinalar calquera ausencia, retraso ou incidencia que se produza.
- O profesorado que estea substituíndo deberá permanecer co alumnado dentro da aula. En ningún caso se permitirá que os alumnos/as estean nos corredores.
- Cando hai menos profesores de garda que grupos a atender utilizarase se é posible a biblioteca e en casos excepcionais o patio.

En EI e EP.

- No caso de substitucións por realización de actividades complementarias, como saídas, concertos, charlas..., substituirá o profesorado que quede sen docencia por causa da actividade complementaria.
- No caso de que non fose posible cubrir tódalas aulas con profesorado de garda, en primeiro lugar cubrirá a garda o profesorado en horario de coordinación e en segundo lugar o que estea prestando apoio de carácter ordinario.
- Cando, unha vez utilizado o criterio anterior, non sexa posible atender tódalas aulas que se atopen sen profesor/a, serán cubertas preferentemente as gardas nos cursos inferiores. As que non poidan ser atendidas serán controladas polo profesorado en apoios específicos ou ben xuntando dous grupos.
- No caso de apertura da aula de convivencia inclusiva, será o profesorado de garda designado pola xefatura de estudos o encargado de atendela.

Na ESO.

- O profesorado que por calquera circunstancia puntual (saídas, charlas, concertos...) quede sen alumnado, fará a función de garda e quedará a disposición do centro.
- En cada sesión, haberá profesorado de garda de aula e profesorado de garda de convivencia.
- Tanto o profesorado de garda de aula como o de convivencia, coordinaranse para controlar os corredores e as aulas ao principio de cada sesión. No caso de que falte algún docente serán os que teñan garda de aula os que queden acompañando ao alumnado. Se falta o profesorado de garda de aula ou hai máis grupos a cubrir, será o de garda de convivencia (se non hai alumnado nesta aula) o que se faga cargo.

NORMAS DAS AULAS.

- Como norma xeral o alumnado non deberá permanecer só nas aulas.
- Non se poderá entrar en aulas que non sexan a propia sen autorización dun docente.
- O profesorado deberá realizar os cambios de clase coa maior celeridade

posible para evitar que o alumnado quede só. Neste espazo de tempo as portas das aulas permanecerán abertas.

- En EI e EP cando o profesorado especialista cambia de clase, ás veces, necesariamente se producen curtos parénteses temporais sen profesor/a na aula; neste caso o profesorado das aulas próximas deberá estar vixiante para que non se produzan situacións contrarias á convivencia e ao respecto das normas.
- Durante os períodos lectivos e os cambios de clase, ningún/ha alumno/a debe permanecer fóra das aulas, salvo con permiso explícito dalgún profesor/a.
- Está totalmente prohibido asomarse polas ventás ou tirar obxectos ao exterior. Tampouco se debe falar “a berros” con outros/as compañeiros/as de clases contiguas a través das ventás.
- O alumnado asistirá ás clases co material e equipamento necesario.
- Na aula o material debe estar ben ordenado e colocado, tanto na mesa individual coma nos armarios da clase.
- Non se permitirá o consumo de lambetadas ou calquera outro alimento nas aulas, agás en actividades festivas dirixidas por un docente.

RECREOS.

- Durante o tempo de recreo ningún alumno/a poderá permanecer na aula nin corredores, a non ser cun/cunha profesor/a. Unha vez no patio non se poderá entrar no edificio escolar sen permiso.
- Os/as alumnos/as, en período de recreo, non poderán interromper o desenvolvemento doutras clase.
- Por seguridade, non se poderá subir aos muros, valados, canastras, porterías nin árbores...
- O profesorado de garda coordinarase para atender as zonas nas que permanece o alumnado.
- O profesorado de garda de cada quenda será responsable de controlar a zona que ten asignada.
- No caso de utilizar material deportivo ou lúdico específico no recreo, devolverase ao seu sitio unha vez rematada esta actividade.
- Durante os recreos deberanse respectar as canchas e/ou outras delimitacións das zonas de xogo e as quendas que se establezan, se é o caso,

para a súa utilización.

- En caso de que saia algún balón ou calquera outro obxecto fóra do recinto escolar ou aos tellados, comunicaráselle ao profesorado de vixilancia que determinará a solución máis axeitada. Se non é posible recuperalo no tempo do recreo o profesorado de garda comunicarlle a incidencia ao conserxe.
- Todo alumno ou alumna lesionado/a acudirá ó profesorado de garda ou demandará a súa atención, para que interveña de acordo co establecido no punto que fai referencia ao alumnado accidentado ou enfermo.

En EI e EP.

- Os días de chuvia, os/as alumnos/as de E. Infantil irán á sala de usos múltiples. Os/as nenos/as de EP non poden xogar co balón en ningún dos patios.
- Cando falte unha das persoas encargadas da vixilancia, a xefatura de estudos designará a outra que a substitúa.
- En ningún caso poderá haber alumnado en ningunha dependencia do centro (corredores, aulas...) sen vixilancia de profesorado. Ningún alumno ou alumna debe permanecer na aula a non ser con autorización expresa dalgún profesor/a que permanecerá con eles/as.

Na ESO.

- Durante os recreos o alumnado poderá facer uso da biblioteca, dos espazos exteriores habilitados ou do hall do comedor.
- Poderá facer uso tamén dos bancos situados diante da biblioteca sempre que se permaneza en silencio.
- O uso inaxeitado de calquera de estes espazos pode implicar a inhabilitación dos mesmos.
- Non se poderá xogar ao fútbol na zona baixa do patio, a máis próxima ao edificio.
- Ademais esta zona deixarase libre no tempo compartido co recreo de primaria.
- O profesorado de garda procurará que o alumnado saia o antes posible e non se demore nos baños.
- O profesorado de garda se coordinará para cubrir a vixilancia das zonas

en función do número de docentes do que se dispoña.

- Se pola ausencia dalgún docente de garda de patio non se cubrira a ratio alumnado-profesorado, acoutaranse as zonas do patio reducíndose a unha soa.

RESPECTO AOS DEMAIS.

- Tratarase con respecto a todas as persoas.
- O alumnado debe acatar as indicacións que reciba do profesorado e/ou persoal non docente; en caso de precisar algunha aclaración, pediraa con educación e sen opoñerse a cumprir o que se lles indica. En caso de discrepancia o alumnado deberá recorrer, en primeira instancia ao seu titor/a e de non haber consenso acudirá á xefatura de estudos ou a dirección.
- Durante o desenvolvemento das clases ningún alumno ou alumna entorpecerá o labor do profesor ou profesora nin o dos seus compañeiros e compañeiras.
- Deberase seguir sempre as pautas de conduta que se consideran lóxicas nun modelo de comportamento entendido como cívico e de respecto aos demais: utilizar as papeleiras; falar en actitude, ton e vocabulario axeitado; desprazarse sen carreiras, saltos, empuxóns ou golpes que poidan resultar danos etc.
- Todo o alumnado ten dereito a participar nos xogos e deportes sen que se fagan discriminacións.
- Evitarase toda violencia física, así como agresións e pelexas, insultos, intimidacións, ameazas e agresións psicolóxicas ou morais. Consideraranse circunstancias agravantes o que a agresión, ameaza ou acoso non sexa entre iguais ou sexa dun grupo cara a un individuo.
- Considerarase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo, dun alumno/a por outro/a ou outros/as, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluíndo o illamento ou baleiro social. Terá a mesma consideración as condutas realizadas a través dos medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos.

INSTALACIÓNS, MOBILIARIO E PERTENZAS.

- O mobiliario, instalacións ou material do centro utilizaranse sen producir neles ningún dano ou deterioro, salvo o que loxicamente poida derivarse do seu uso.

- O alumno ou alumna que intencionada ou negligentemente cause unha deterioración, debe aboala; en caso de ser no mobiliario pode esixírselle que o repare.
- O mobiliario de aula, como os armarios, as portas, as ventás, o material didáctico..., pode ser perigoso, polo que está totalmente prohibido utilizalo como elementos de xogo: agocharse, impedir a entrada...
- Non utilizar, nin tocar, baixo ningún concepto, o material escolar ou pertenzas doutros compañeiros sen o seu consentimento. A utilización do material escolar, pertenzas que non son propias, sen permiso, pode comportar a sanción de aboar as pertenzas subtraídas ou danos causados. Se se descoñece o causante dun dano ou subtracción, podería repartirse a reparación entre todos os alumnado dun grupo.
- Todo o alumnado é responsable do mobiliario e material do centro. Calquera dano deberallo comunicar ó/á docente que estea na aula nese momento ou no seu defecto ao equipo directivo.

PROHIBICIÓNS DE CARATER XERAL.

- Está prohibido, gravar, manipular ou difundir imaxes ou información que atente contra o dereito á honra, á dignidade, á intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos membros da comunidade educativa.
- Está prohibido a suplantación de personalidade e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- Está prohibido o uso de teléfonos móbiles, MP3 ou calquera outro dispositivo que grave imaxe ou son, en todo o recinto escolar (agás dentro da aula e con fins pedagóxicos, previo permiso expreso da dirección e baixo a responsabilidade, por escrito, do docente responsable).
- Está prohibido fumar, consumir bebidas alcohólicas ou calquera outra substancia daniña. Así como portar calquera destas substancias.
- Non se poderán portar obxectos que poidan poñer en perigo a integridade física de calquera persoa.

NORMAS DOS DISTINTOS ESPAZOS DO RECINTO ESCOLAR.

TALLER DE TECNOLOXÍA

Entrada ao taller.

- Só se pode acceder ó taller con autorización expresa do profesor.
- Procurarase non deixar ó alumnado só no taller baixo ningunha circunstancia.
- Cando o profesor non se atope no taller, este deberá permanecer pechado baixo chave.

Saída do taller.

- Cinco minutos antes de rematar a clase comezaremos a recollida do material e ferramenta.
- Cada día un par de alumn@s diferentes encargaranse de barrer o chan do taller (iranse rotando por orde de lista).
- Os encargados de revisar os paneis de ferramentas comprobarán que todo está no seu sitio perfectamente colocado.
- O resto do alumnado deberá recoller o seu material e deixalo na colocación asignada, barrer a súa mesa para o chan, recoller todo e deixar a cadeira enriba do banco de traballo para facilitar que o chan poida ser barrido con menos dificultade.
- Ningún alumn@ poderá abandonar o taller ata que o profesor de permiso para saír, despois de comprobar que todo quede perfectamente recollido e comprobado que non falta ningunha ferramenta.
- A saída do taller deberase facer de maneira ordenada e con un volume de voz axeitado.

Seguridade.

- Quedan terminantemente prohibidas as bromas ou xogos na aula-taller, pois isto implica un alto risco de accidente.
- Queda prohibido subirse aos bancos ou mesas na aula-taller.
- Para traballar mellor ha de manterse, na medida do posible, un nivel baixo de ruído.
- La utilización de máquinas-ferramenta só se pode realizar coa autorización do profesor e baixo a súa observación directa.
- Todas aquelas persoas que traballen co trade ou a serra de calar eléctricas deberán facelo provistos de gafas protectoras e guantes, ter o pelo

corto ou recollido, y nunca cerca dunha fonte de auga.

- Para utilizar el soldador de estaño precisase o permiso e a presenza do profesor.
- Calquera persoa que por unha razón ou outra sufra un accidente na aula-taller, por pequeno que este sexa, debe comunicalo inmediatamente ao profesor.
- É imprescindible que cada grupo teña a súa mesa de traballo recollida y as ferramentas colocadas no lugar correspondente si é que non se están utilizando.
- Las normas de seguridade cumpriranse estritamente, para evitar accidentes. Cando se estudie cada ferramenta se daranse normas de seguridade sobre esta.

Traballo en equipos

- Cada equipo terá asignada unha zona de traballo no taller, e encargarse de que ao finalizar a clase se atope en perfectas condicións de orde e limpeza.
- Si ao chegar descubre algún desperfecto ou irregularidade, comunicarse inmediatamente ao profesor.
- Enténdese que cada equipo será responsable de calquera deficiencia no seu lugar de traballo se non o comunicou de maneira correcta e con antelación ó profesor.
- Todos os integrantes do equipo responderán de forma solidaria dos danos observados na súa zona de traballo, e estes alumnos quedarán obrigados a reparar o dano que causen.

Materiais e ferramentas

- Trata os materiais e ferramentas como si foran teus, porque de feito son.
- Los recursos son limitados, aproveita os materiais o mellor posible.
- Os materiais pódense conseguir reciclando na túa casa. Colle aqueles materiais que non sirvan para a túa casa pero que si nos sirvan para o taller. (sempre con permiso de teus pais)
- Se rompe unha ferramenta polo seu uso incorrecto (por exemplo usar

unha chave inglesa como martelo) o alumnado responsable queda obrigado a reparar o dano que causen.

- Si se rompe ou deteriora unha ferramenta por un uso normal e correcto, quen a utilizara na rotura ou deterioro non ten ningunha culpa de feito as ferramentas deteríoráanse polo uso.

LABORATORIO DE CIENCIAS NATURAIS.

- Traballar de forma responsable e coidadosa, demostrando unha actitude que non carrexe riscos de accidente. En caso contrario o/a profesor/a tomará a decisión que considere axeitada, podendo suspender a realización das prácticas, Este alumnado quedará realizando actividades na aula.
- Utilizar os medios de protección segundo as prácticas a realizar.
- Non comer nin beber dentro do laboratorio.
- Usar de maneira responsable os equipos e mobiliario. Os alumno deben repoñer o material danado ou roto(se se produce de maneira voluntaria).
- Potenciarase o traballo en equipo.
- Antes de retirarse do laboratorio lavar coidadosamente o material utilizado, secalo e gardalo no seu lugar, limpar e secar a mesa de traballo.
- Clasificar e depositar os residuos nos contedores habilitados.

PAVILLÓN.

- Coidar e respectar o mobiliario (calefacción, canastras...) e o material que o departamento lle proporciona para o desenvolvemento das clases. Se fai un uso indebido deberá repoñer o material deteriorado.
- Non poderán facer uso dos baños do pavillón sen antes pedir permiso ao profesorado.
- Ao rematar a actividade deberán deixar recollido todo o material empregado.
- Non deberán levar aneis, pendentes longos, etc. que poidan provocar lesións durante a práctica deportiva. Nin tomar chucharías (chicles, caramelos...).
- Non deberán acceder ao pavillón sen a presenza dun docente.
- Non poderán facer uso do material deportivo sen previa autorización do profesorado (subirse ás espaldeiras, aos bancos suecos...).

LABORATORIO DE FÍSICA-QUÍMICA.

Para que o traballo no laboratorio de Física e Química sexa seguro para todos/as, o alumnado debe coñecer e respectar en todo momento as seguintes normas:

- Observar onde está a saída e os equipos de emerxencia.
- Utilizar luvas e lentes de seguridade cando sexan necesarios.
- Lavar ben as mans antes de entrar ao laboratorio e tamén ao saír.
- Non entrar ao Laboratorio con abrigos, bufandas/fulares, nin outra peza ou obxecto que colgue.
- Levar recollido o pelo.
- Non comer, nin beber nin mascar chicle.
- Non correr nin xogar no Laboratorio. Moverse con coidado cando se leve material dun lugar a outro do Laboratorio.
- Non tocar, nin cheirar nin probar os produtos do Laboratorio.
- Non manexar ningún produto descoñecido. Si algún frasco non ten etiqueta, non usalo e avisar ao profesor/a.
- Prohíbese estritamente facer calquera actividade allea ás indicadas polo profesor/a.
- Si se producise un ACCIDENTE, comunicárselle inmediatamente ao profesor/a.
- Manter a área de traballo limpa e ordenada.
- Unha vez retirado un produto do seu frasco, en caso de sobrar, non volver ao frasco.
- Si se trabállase con aparellos que están quentes, estes débense manexar con moitísimo coidado. Utilizar pinzas ou outros utensilios adecuados.
- Manexar os aparellos eléctricos con seguridade e nunca coas mans molladas.
- En caso de romperse algo, avisar ao profesor/a. Non utilizar material de vidro roto.
- Ao terminar a práctica, deixar todo o material limpo e ordenado, aparellos desconectados ou apagados e os produtos no seu sitio.
- Ler as etiquetas de seguridade dos reactivos empregados, observar ben os pictogramas e as propiedades indicadas.
- Non pipetear os líquidos coa boca, utiliza sempre as pezas de seguridade.
- Si se ten que quentar un tubo de ensaio, suxeitalo cunhas pinzas e man-

telo inclinado de forma que a súa boca non apunte a persoas.

- Antes de tirar algunha sustancia, preguntar ao profesor/a como se debe de facer.
- Si se utiliza material de precisión como balanzas, cronómetros, calibrador, etc., procurar non golpealo, mollalo nin que se vertan sustancias sobre eles.
- Na dilución de ácidos, engadir sempre o ácido sobre a auga e non ao revés, podería provocar unha proxección sumamente perigosa.

AULAS DE MÚSICA.

A aula de música é usada polos docentes desta materia para impartir as súas clases e, puntualmente, polos de outras para proxectar algún documental, película ou para realizar algunha actividade en particular. As normas específicas desta aula son:

- A aula de música é a aula do silencio. Hai que procurar permanecer en silencio ou falar baixo nela. Durante as audicións o silencio ha de ser absoluto.
- Os instrumentos e materiais didácticos da aula só poden ser usados baixo a dirección e asesoramento do profesor/ a da materia.
- Así mesmo, o material informático, audiovisual e equipo de son debe ser usado na presenza dalgún membro do profesorado responsable.
- Por necesidades de horario ou de espazos, a aula pode ser usada na docencia de outras materias, comprometéndose o profesor ou profesora responsable na custodia e coidado do material pertencente á mesma.
- O material da aula de música (instrumentos, atrís, equipos de son, etc.) pode ser sacado da mesma para realizar actividades no centro, baixo o asesoramento do profesor/a da materia e o compromiso e responsabilidade do profesorado e alumnado que vaia a facer uso del.

AULA DE PLÁSTICA.

- Entrar e saír de maneira ordenada.
- Respetar o material da aula e solicitar permiso para utilizalo.
- O ordenador utilizarase unicamente con permiso e supervisión da profesora.
- O lavadoiro utilizarase unicamente para lavar as mans ou o material que sexa preciso e non poderá ser usado por máis de dúas persoas á vez.

- O alumnado poderá deixar material na aula, baixo a súa responsabilidade, so nos estantes reservados para tal fin.
- Deixar a mesa recollida e limpa antes de saír.

AULAS DE INFORMÁTICA

- A aula de informática é unha aula especial para o tratamento nas diversas áreas das novas tecnoloxías da información, por iso conta cunha dotación de ordenadores que dispoñen de acceso a Internet.
- A aula de informática está a disposición de todo o profesorado para a súa utilización co alumnado, respectando a reserva de horas que se fai a principio de curso.
- O profesorado observará o estado de cada un dos equipos ó comezo de cada sesión e anotará calquera tipo de incidencia detectada deixando rexistro no libro correspondente. Repetirá a observación ó rematar a clase, comprobando que todo quede en perfecto estado.
- Procurarase que queden os equipos totalmente apagados, incluídos os monitores.
- Non se instalará ningún tipo de programa: calquera necesidade de software debe ser consultada previamente co Coordinador de TIC.

Os ordenadores son de uso compartido: débese coidar ó máximo o seu estado e non alterar as configuracións, fondo de pantalla, etc.

AULAS ABALAR

- Ao alumnado das aulas abalar asignaráselle un ultraportátil cun número de serie.
- A entrega inicial do equipo ao alumno/a será realizada polo titor ou a titora, unha vez que as aulas estean completamente preparadas para a súa posta en funcionamento.
- O computador ultraportátil cédese ao escolar para o seu uso educativo durante un ano académico. Xa que logo, durante o presente curso, este ultraportátil vai ser usado unicamente polo escolar, que será o único responsable de que o equipo estea en perfecto estado.
- O CPI comprométese a manter o equipo gardado baixo chave no armario de carga mentres non sexa usado polo escolar.

Normas de uso educativo, custodia e mantemento do equipo:

- O computador ultraportátil está destinado ao uso educativo persoal do alumno ou a alumna na clase, para a realización das tarefas escolares programadas polo profesorado correspondente.
- Ao comezo de cada sesión cos ultraportátiles, cada alumna ou alumno asegurárase de que recibe o equipo que lle corresponde. Comprobará que non lle falte o punteiro e fará unha comprobación visual do estado do equipo. Arrancará o Sistema Operativo e comprobará o seu correcto funcionamento. No caso de atopar algunha anomalía debe comunicarlle inmediatamente ao docente, que anotará a irregularidade na folla de incidencias cubrindo tódolos apartados.
- Se durante a clase lle pasa algo ó portátil, o alumno ou alumna debe comunicarllo ó profesor para que anote a incidencia na folla específica.
- Ó rematar a clase, o escolar debe apagar o ultraportátil por completo (non é suficiente baixar a tapa, deixalo en suspensión ou hibernación). Comprobará que as luces azuis da tapa estean apagadas.
- O alumno ou a alumna -e a súa familia como responsable civil-comprométense a manter en perfecto estado o equipo, sen alterar nin o seu aspecto externo, nin a súa configuración de sistema operativo e demais programas instalados. Isto implica respectar as seguintes normas de uso do computador ultraportátil:
 - a) Preservar o ultraportátil da vertedura de líquidos e de calquera clase de lixo (restos de alimentos, restos de afiar o lapis, etc.).
 - b) Non expor o equipo a ningún tipo de golpes nin caídas, nin pór obxectos pesados sobre el.
 - c) Non soste-lo equipo pola zona da pantalla, nin golpeala ou raiala con obxecto algún.
 - d) Non manipular nin tentar reparar ningún elemento do equipo, incluíndo a batería.
 - e) Non instalar xogos, nin programas, nin ningún contido non autorizado polo centro educativo.
 - f) Almacenar no equipo exclusivamente a información relacionada cos traballos escolares encomendados.
 - g) Non acceder a recursos, e en especial a páxinas web, para os que non se teña idade autorizada.

- h) Respetar as normas específicas de uso educativo que estableza o centro docente ou o profesorado no marco deste documento.

Así mesmo a familia deberá:

- a) Colaborar co profesorado do centro na educación dixital segura e responsable.
- b) Velar para que o seu fillo ou filla cumpra coas presentes Normas de uso, custodia e mantemento e coas normas específicas que estableza o centro docente e o seu profesorado.
- c) Fomentar o uso educativo de internet e o respecto ás restantes persoas que utilizan dita rede.
- d) Repor o computador ultraportátil en caso de destrución, ou deterioro grave nos períodos en que o equipo estea baixo a responsabilidade do escolar e o dano sexa producido por incumprimento da normativa establecida.

BIBLIOTECA

A biblioteca é un lugar para o traballo, lectura e estudo. Tamén, como fonte de información, é o espazo de referencia para o centro. Tendo en conta estas premisas, as normas específicas deste espazo son as seguintes.

- Na biblioteca hai que procurar estar en silencio. Nos recreos de secundaria, o alumnado pode acudir a realizar traballos, exercicios, deberes, etc.
- Non está permitido entrar con comida na biblioteca. O alumnado que trae un bocadillo ou froita para o recreo, pode rematalo fóra da mesma antes de entrar.
- Así mesmo, o alumnado, nos recreos, non pode estar entrando e saíndo continuamente na biblioteca. 5 minutos despois de tocar o timbre, como norma xeral, non se pode entrar na biblioteca.
- Salvo causa xustificada, non poden estar na biblioteca un número de alumnos e alumnas superior ao número de postos da mesma, nin cambiar a súa configuración.
- Debido á carencia de espazos comúns e a cuberto, excepcionalmente os días de choiva o profesor ou profesora de garda nos recreos de secundaria pode relaxar a aplicación dos apartados 1, 3 e 4 anteriores.
- Despois do segundo recreo de secundaria o alumnado colocará as cadeiras enriba das mesas.

No que se refire ao empréstimo e ordenación da biblioteca, son de aplicación as seguintes normas:

- Os libros son empréstados por 15 días ao alumnado, podéndose anovar o empréstimo unha vez ao rematar ese prazo.
- Cando o alumnado colle un libro dos andeis, debe devolve-lo a unha das caixas que ao efecto están na biblioteca, para que o persoal da mesma o recoloque no sitio correcto.
- O profesorado de garda de biblioteca e que acuda co seu alumnado á mesma, debe procurar respectar e facer respectar estas normas, asesorándose co profesor/a responsable da mesma, a súa aplicación.
- O profesorado con gardas de biblioteca debe de procurar familiarizarse co sistema de ordenación da mesma, co obxecto de poder colaborar na recolocación dos volumes da mesma no seu lugar.
- O profesor/a responsable da biblioteca procurará ter actualizado o catálogo da mesma, dándolle a difusión debida na páxina WEB do centro, blogue da mesma, etc.

AULA DE USOS MÚLTIPLES.

- O uso deste espazo será prioritario para o desenvolvemento de Psicomotricidade en EI e de actividades específicas de educación física en EP. Co obxectivo dunha boa coordinación, calquera outro uso será solicitado á dirección.
- O respecto e coidado do material desta aula rexeráse polas mesmas normas que o resto do material do centro.
- Non se poderá sacar ningún material ao exterior sen a debida autorización do profesorado responsable.
- Ao rematar as sesións ou actividades o material deberá quedar recollido e o espazo en condicións de ser utilizado por outros grupos.

OUTRAS UTILIZACIÓNS DO CENTRO.

Segundo a normativa establecida:

- Para a utilización das instalacións dun centro público por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar do centro, presentarase a solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do Consello Escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Delegación Provincial de Educación, que resolverá o que proceda, logo do informe da inspección educativa.
- Para uso ocasional e con carácter excepcional, o director poderá autorizarlo uso das insta-

lacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

- A utilización das instalacións por parte das asociacións de país/nais de alumnos/as, asociacións de antigos alumnos/as e as súas respectivas federacións, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de profesores, só require a solicitude previa ó director do centro, cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización, no marco das directrices fixadas polo Consello Escolar, se o seu destino é a finalidade propia das ditas institucións, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro.

- As instalacións dos centros poranse sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos para a educación de adultos, presencial ou a distancia.

- Como norma xeral concederáse permiso para a utilización das instalacións do centro aos seguintes colectivos da comunidade escolar:

- Concello de O Pino.
- ANPA do CPI Camiño de Santiago.

- Queda prohibido o acceso ao centro e a utilización das instalacións do mesmo sen permiso expreso da dirección do Centro.

- As persoas ou entidades que fagan uso das instalacións do centro para a realización de actividades extraescolares velarán polo coidado das mesmas e do equipamento existente, e serán responsables do bo uso e do coidado axeitado dos mesmos. No caso de ocasionar deterioros faranse cargo da súa reparación.

5.2 CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS.

Segundo Decreto 8/2015, considéranse conductas gravemente prexudiciais para a convivencia as que se enumeran a continuación:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

- e) As actuacións que constitúan acoso escolar segundo establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

Segundo Decreto 8/2015, considéranse condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da liña g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na liña i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa liña j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

En referencia a este último apartado, serán consideradas conductas leves contrarias a convivencia o incumplimento intencionado de calquera das normas de convivencia organización e funcionamento do centro, recollidas no punto 10.2 do NOFC.

MEDIDAS CORRECTORAS.

As medidas que se apliquen polo incumplimento das normas de convivencia atenderán aos seguintes **principios**:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

Ámbito de corrección:

1. Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

2. Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais:

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto anterior.

Criteria para establecer instructor/a.

A dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instructor do procedemento corrector.

A dirección do centro educativo encomendará a instrución dos procedementos correctores ao profesorado segundo os seguintes criterios:

- Que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa (preferentemente profesorado con destino definitivo no centro).
- A ser posible que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar.
- A ser posible a persoa designada non será profesor/a do alumno/a a quen se lle abriu expediente.

Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Amoestación privada ou por escrito.

- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Reparación de danos causados.

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou tutores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cráterios a ter en conta para a gradación na determinación das condutas:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

Criteria a ter en conta para a gradación da sanción que se aplique:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A natureza dos prexuízos causados.

A reincidencia, por comisión no prazo dun ano de máis de una infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme.

APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS.

Condutas gravemente prexudiciais.

A imposición das medidas correctoras de **condutas gravemente prexudiciais** levaraa a cabo a dirección, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector.

Aspectos formais dos procedementos correctores.

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reguladas no artigo 38 do Decreto 8/2015 deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección.

2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011.

Condutas leves contrarias á convivencia.

A imposición das medidas correctoras de conductas leves contrarias á convivencia poderán levallas a cabo:

MEDIDA	DOCENTE	TITOR/A	XEF. ESTUDOS	DIRECCIÓN
a) Amoestación privada ou por escrito.	x	x	x	x
b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.	x	x	x	x
c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.	x	x	x	x
d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan mellora edesenvolvemento das actividades do centro.		x	x	x

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.			x	x
f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.			x	x
g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				x
h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				x

O alumnado sancionado coas medidas correctoras de condutas leves sinaladas na liña **g)** e **h)**; e as medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais sinaladas nas liñas **e)** e **d)**, fará uso da **aula de convivencia inclusiva** cando así o estipule a dirección.

O funcionamento desta aula está recollido neste Plan de Convivencia.

Solicitud de revisión e execución de medidas.

As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas liñas g) e h) ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do Centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

PAUTAS DE ACTUACIÓN DO PROFESORADO ANTE AS FALTAS DE CONDUTA.

Independentemente das medidas correctoras que se apliquen, o profesorado deberá seguir os seguintes procedementos:

1. Ante calquera conduta que perturbe ou entorpeza o normal desenvolvemento da clase ou calquera outra actividade a realizar durante a xornada lectiva:
 - Observarase por escrito no diario de aula e nos partes de aula para poñelo en coñecemento do titor ou titora.

2. Ante a reiteración de este tipo de conductas disruptivas ou calquera falta de conducta tipificada como leve:

- Indicarase no parte de aula que o/a alumno/a ten unha incidencia.
- Cada unha das incidencias rexistrarase en XADE e ademais , na ESO, cubrirase un parte de incidencias que se entregará ao titor/a e o/a xefe/xefa de estudos..
- O titor ou titora comunicará dita incidencia aos pais, nais ou titores legais telefonicamente ou por escrito.

3. Ante a reiteración de 3 faltas leves, así como calquera falta de conducta de maior gravidade que non chegue a ser tipificada como “gravemente prexudicial”:

- O titor ou titora, no primeiro caso, ou calquera docente no segundo, informará o antes posible á dirección, que fará a dilixencia oportuna para comunicarllo aos pais ou titores, e que ditas faltas sexan tidas en conta a efectos de determinar unha posible falta gravemente prexudicial por reiteración de conductas leves.

4. Ante a acumulación de 3 de estas dilixencias a dirección procederá á suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos.

3ª dilixencia	- suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos.
5ª dilixencia	- 2ª suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos.
6ª dilixencia	- falta gravemente prexudicial .

5. Ante as faltas de conducta gravemente prexudiciais:

- Comunicarase inmediatamente á dirección por escrito, que (si o considera necesario) iniciará a incoación dun expediente disciplinario.

5.3 AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.

A consellería con competencias en materia de educación regula o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva previstas no artigo 19.3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como con-

secuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible, na forma que se recolle no artigo 8.4.d) deste decreto.

Os criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva seguirán a orde establecida a continuación:

1. Interese e aproveitamento xeral nas materias.
2. O compromiso do alumnado para traballar as habilidades sociais que lle permitan mellorar a súa conduta.
3. Situación familiar.
4. Natureza da falta.
5. Reincidencia na aula de convivencia.

Profesorado responsable da aula: Cando o horario o permita, a aula de convivencia será atendida polo departamento de orientación e polo profesorado de garda asignado pola xefatura de estudos, para tal fin.

Como norma xeral, o equipo educativo determinará as actividades formativas que o alumno/a deberá realizar, de entre as previstas na programación de cada departamento, e o/a orientador/a determinará as actuacións dirixidas ao proceso de reflexión que o alumno/a deberá realizar.

Programación das actuacións do departamento de orientación encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado. (Anexo I)

Correspóndelle ao profesorado encargado da aula en cada momento, supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

O horario de apertura desta aula estará adaptado ao horario xeral do centro. O alumnado sancionado poderá facer uso deste espazo, un mínimo de 2 sesións e un máximo de 6 sesións, en función da sanción imposta.

A aula de convivencia estará situada no primeiro andar, fronte a aula de tecnoloxía. Contará coa dotación mobiliaria necesaria para o seu óptimo funcionamento.

A persoa responsable da orientación do centro facilitará o material didáctico necesario para traballar os diferentes obxectivos da aula e os departamentos didácticos facilitarán os materiais didácticos para as actividades formativas do alumnado.

Asemade a aula de convivencia contará con distintos libros de lectura que o alumnado poderá

empregar.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras legais.

PROCEDIMENTOS DE COMUNICACIÓN.

a) Interno.

Para a comunicación interna (profesorado, PAS, titores/as...) o medio de comunicación habitual será o correo electrónico, e en caso necesario tamén a través de papel que se depositara nos cubilleiros individuais que o profesorado dispón da sala de profesores/as

b) Coas familias.

- Para facilitar a comunicación do profesorado coas nais e pais fixarase unha hora semanal para atendelos/as dentro do horario non lectivo.

- Ó comezo de cada curso escolar programaranse reunións encamiñadas a expoñer as liñas xerais do Plan Xeral Anual e do Proxecto Educativo do Centro.

- A información que se facilite dende o centro ás familias, no caso de ser enviada por correo postal, dirixirase exclusivamente ó enderezo proporcionado na ficha de recollida de datos. Calquera modificación deberá ser solicitada e documentada ante o secretario/a do centro.

- En EI, EP e nos primeiros cursos da ESO poderase usar a axenda escolar como medio de comunicación coa familia.

- As familias teñen dereito a recibir información académica e tamén aquela relacionada coa integración socioeducativa dos seus fillos. Solicitarán cita ao profesor/a titor/a, a través do propio estudante, telefonicamente, ou en persoa.

- As familias poderán recibir información directa do resto de profesorado especialista se así o solicitan.

- Ao final de cada trimestre enviarase o boletín informativo á casa a través do alumnado. Neste boletín figurarán as calificacións das diversas materias, as faltas de asistencia á clase, as observacións que faga a xunta de avaliación. O resgardo de dito boletín devolverase asinado polo pai/nai ou titor legal do alumno/a.

Pais/nais separados/as.

En caso de separacións legais do matrimonio, quen teña a tutela dos/das menores, debe aportar a documentación acreditativa desta situación, en caso contrario considerarase ós dous cónxuxes cos mesmos dereitos.

Salvo que exista unha sentenza ou resolución xudicial que diga o contrario, ambos proxenitores teñen a patria potestade, con independencia de que a garda e custodia sexa compartida ou corresponda unicamente a un deles.

Ambos proxenitores, en tanto non se atopen xudicialmente privados da patria potestade, teñen dereito a recibir información sobre o proceso educativo do seu fillo ou filla. O proxenitor que non ostente a garda e custodia deberá solicitar esta información por escrito ao centro, acompañando a esta solicitude, se o centro non conta con ela, de copia fidedigna da resolución xudicial na que se recolla que se ostenta a patria potestade acompañada dunha declaración responsable de que non se teña producido variacións respecto a dita resolución xudicial.

Nos supostos en que o centro xa conte coa resolución xudicial, o proxenitor non custodio deberá remitir unicamente a solicitude acompañada da declaración responsable de que non se teña producido variacións respecto a dita resolución xudicial, identificando correctamente a resolución xudicial co seu número e data.

Os proxenitores deberán comunicar ao centro educativo calquera modificación das medidas xudiciais que afecten a patria potestade ou a custodia dos menores, coa maior brevidade posible.

O dereito de acceso a información sobre os menores ven determinado pola patria potestade, polo que só asiste con carácter xeral ás persoas que a ostentan, pero non a outros familiares ou persoas que poidan intervir no coidado dos menores, como familiares ou novas parellas dos proxenitores. Porén, os proxenitores poden autorizar a que calquera persoa, xa sexa un familiar ou a nova parella, para que teña acceso a información sobre o menor.

5.4 PROCEDIMENTOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO.

a) PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO.

Trátase de facilitar a incorporación ao centro do alumnado de 4º de EI e tamén de 1º de EP procedente da unitaria adscrita. Dita incorporación abordarase dende unha dobre perspectiva:

1. A do propio alumnado: co obxectivo de buscar a súa inmediata adaptación a un novo centro educativo que funciona cunha dinámica diferente.

2. A das súas familias: co obxectivo de informar dos cambios que se van atopar os seus fillos e fillas nesta nova etapa educativa.

En EI.

- No remate de cada curso escolar, serán convocadas a unha reunión informativa todas as

familias do alumnado (4º de EI) que se incorporará ao centro.

- O centro poderá programar, ao final de cada curso, unha vez rematada a actividade lectiva, unha pequena visita do alumnado que se incorporará en 4º de EI.
- A principio de curso, levarase a cabo un período de adaptación que se realizará en distintas quendas, tendo en conta a necesidade de flexibilizar o horario e o agrupamento. En cada curso escolar seguirase o establecido na Orde do calendario escolar.

En EP.

- O centro programará unha visita do alumnado que se incorporará ao centro, procedente da unitaria adscrita. Nesta visita os nenos/as serán integrados co resto do alumnado do centro co que compartirán aula no vindeiro curso. Asemade programaranse actividades e xogos conxuntos así como unha visita ao centro.

Atención do alumnado no cambio de etapa.

Ao finalizar cada unha das etapas a orientadora do centro organizará reunións tanto coas familias como o alumnado, para dar información sobre as características de cada etapa.

Acollida do alumnado procedentes doutros centros.

1. Cando un alumno/a se incorpore ao centro procedente doutro, seguiranse as seguintes pautas:
 - Favorecer a rápida integración do alumnado novo no centro.
 - Fomentar a interacción persoal entre o alumnado evitando que se sinta illado.
 - Favorecer un bo ambiente escolar para que os novos alumnos e alumnas se sintan ben recibidos.

Acollida de alumnado, en circunstancias especiais.

Protocolo:

1. Entrevista do alumno/a e a familia co Director/a ou Xefe/a de estudos. Nesta entrevista informarase sobre as normas do centro, material escolar necesario e transporte escolar.
2. Derivación ao Departamento de orientación: Levarase a cabo unha avaliación psicopedagóxica, previa autorización da familia ou titoría legal para a adscrición a un nivel educativo e/ou aplicación das medidas mais axeitadas en cada caso. Ademais, informaráselle do horario do seu grupo, o material escolar que o alumno/a necesitará traer para cada materia, horario de atención a familias por parte do seu titor/a, resto do profesorado, así como o horario de atención do Departamento de Orientación.

3. Adscrición do alumno/a nun nivel educativo. Preferiblemente a introdución do alumno/a farase nunha hora de titoría ou materia impartida polo profesorado titor/a.

Atención ao alumnado nos casos relacionados co control de esfínteres.

O alumnado que acceda a Educación Infantil deberá ter control de esfínteres. No caso de que este alumnado presente necesidades educativas especiais, que lle impidan controlar esfínteres, deberá haber un ditame de escolarización.

Alumnado con dificultades puntuais no control de esfínteres.

- Avisarase aos pais-nais cando se produce unha incidencia deste tipo.
- Serán os propios pais-nais do alumnado ou aquelas persoas que estes determinen, os encargados de cambiar a roupa nestes casos, acudindo ao centro coa maior celeridade posible e provistos do necesario para realizar esta tarefa.

Alumnado diagnosticado con patoloxías relacionadas co control de esfínteres.

No caso de que exista un diagnóstico médico que constate que un alumno-a presenta unha patoloxía deste tipo, a Dirección do centro, coordinada co Departamento de Orientación, valorarán os informes e buscarán unha solución para o alumno-a, previa información á familia.

b) ATENCIÓN DO ALUMNADO AO QUE SE LLE APLIQUE ALGÚN DOS PROTOCOLOS ESTABLECIDOS NA LEXISLACIÓN.

Seguiranse as pautas establecidas para cada un dos casos. Asemade deixárase constancia escrita de que os país/nais ou titores legais están informados das medidas a tomar.

c) ACTUACIÓNS PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.

ACOSO ESCOLAR. CRITERIOS DE ACTUACIÓN.

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicológico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 do Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro. Para a implementación das medidas contra o acoso escolar, seguimos o Protoco-

lo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, publicado en Outubro do 2015 pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e usaranse os modelos previstos nese protocolo para o rexistro escrito das actuacións.

PROTOCOLO ANTE ACOSO ESCOLAR.

Unha vez detectados indicios da existencia no centro dunha posible situación de acoso escolar, é necesario coñecer cales son as medidas que deben ser adoptadas, posto que unha intervención rápida e efectiva que implique a toda a comunidade escolar (alumnado, familia e docentes) pode evitar un agravamento da situación. O protocolo de actuación ten por obxecto que o profesorado dun centro educativo saiba como actuar nos posibles casos de acoso, pois é imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido tanto co alumnado implicado (víctima, agresor ou agresores e espectadores) coma coas súas familias.

Para favorecer o repartimento de responsabilidades e a coordinación na acción, propónse adoptar diferentes fases:

1. fase primeira: coñecemento, identificación e comunicación da situación.
2. fase segunda: recollida de información e rexistro.
3. fase terceira: análise da información e adopción de medidas.
4. fase cuarta: seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

PRIMEIRA FASE.COÑECEMENTO DA SITUACIÓN: IDENTIFICACIÓN E COMUNICACIÓN.

Esta fase aporta pautas sobre que facer cando un alumno ou unha alumna se sinte vítima de acoso escolar, ou ben a familia, ou o profesorado ou algún compañeiro ou compañeira detecta unha situación deste tipo.

Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar.

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna, ten a obrigaón de poñelo en coñecemento da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle trasladará a información ao director ou directora. É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación.

A continuación, rexistrárase de forma escrita a comunicación desta posible situación de acoso escolar. En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará o director ou directora ou, na súa ausencia, a algún membro do equipo directivo.

Medidas urgentes de protección á presunta vítima.

Ao mesmo tempo, a persoa responsable da dirección do centro establecerá as medidas urgentes oportunas de protección á presunta vítima. Debe primar sempre o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración.

Entre estas medidas urgentes poderán adoptarse as seguintes:

- Vixilancia específica das persoas indicadas.
- Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
- Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causante/s da posible situación de acoso.
- Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.

Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima.

A persoa titular da dirección do centro designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do propio centro. Procurarase, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza e proximidade, tal como recolle o artigo 30.2.c) da Lei 4/2011. No mesmo nomeamento, esta persoa será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta.

Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado.

Posteriormente, a persoa responsable da dirección do centro, e coa debida cautela, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado presuntamente implicado, para o que empregará a vía de comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias. Paralelamente realizarase esta comunicación por escrito.

Nesta comunicación, as familias do alumnado implicado deben ser informadas da situación e dos feitos denunciados e, de ser o caso, das medidas iniciais que se están adoptando provisionalmente para minimizar os feitos e evitar unha nova situación. Tamén se lle comunicará a posibilidade de requirir novamente a súa colaboración para recadar información que contribúa a esclarecer os feitos.

Nomeamento dunha persoa responsable das averiguacións previas, se procede.

A dirección do centro, cando estime que é necesario clarificar os feitos denunciados de cara á posible incoación dun expediente, designará unha persoa responsable das averiguacións previas,

e no mesmo nomeamento será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta. Entre a información facilitada nesta primeira reunión estará a relativa a:

- Os supostos feitos e a todos os trámites realizados pola dirección do centro ata o momento deste nomeamento.
- A copia dos partes de incidencia e das medidas correctoras de todo o curso que lle afecten ao alumnado implicado.
- Os datos de absentismo escolar.
- Informe dos titores deste alumnado.

Esta persoa será a encargada de comunicarse con todos os suxeitos implicados, de recadar a información necesaria e comunicarlle nunha reunión, da que se redactará a acta, á dirección do centro para proceder, cando así se estime, á incoación do expediente correspondente. Esta persoa poderá ser, se procede, a responsable da tramitación do dito expediente.

A persoa que desempeñe esta función deberá ser nomeada entre o profesorado do propio centro e con carácter xeral deberá contar con coñecementos no uso das TIC. O seu nomeamento debe ser coñecido polo profesorado titor do alumnado implicado, de forma que se facilite a colaboración entre estes e a comunicación de calquera incidencia relevante que puidese acaecer con respecto á situación denunciada.

Consonte ao establecido no Decreto 8/2015, as averiguacións previas deberán realizarse nun prazo máximo de 2 días. A decisión sobre a incoación de expediente deberá tomarse nun máximo de 3 días (incluídas as averiguacións previas).

Cando os feitos sexan claros e non se consideren necesarias as averiguacións previas, poderá procederse directamente á incoación do expediente.

Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos.

Se se considera necesario e oportuno, e sempre en función da valoración inicial, a persoa responsable da dirección do centro poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...). Cantas actuacións se desenvolvan realizaranse sempre tendo presente a imprescindible confidencialidade de todo o proceso.

De apreciarse indicios de delito ou falta penal en calquera momento do proceso, notificarase ao ministerio fiscal e aos servizos de protección de menores (con traslado á administración educativa) para a súa valoración. No caso de iniciarse un proceso penal, o centro suspenderá as actuacións en tanto este non se resolva.

SEGUNDA FASE. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN E REXISTRO.

O principal obxectivo é recadar os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar.

Recollida inicial de información.

A información debe recollerse dun xeito discreto, por escrito e a través de diversas fontes e procedementos: observación directa e vixilancia das zonas de risco para seleccionar datos sobre as características da interacción do alumnado, agresións existentes e situacións nas que se producen..., entrevistas individuais con citas previas ao alumnado presuntamente acosado, alumnado presuntamente acosador, familia do alumno ou alumna acosado/a e familia do alumnado acosador, titor/a e profesorado de aula, compañeiros ou compañeiras e, se é preciso, persoas relacionadas co centro (coidadores, monitores de actividades extraescolares...), persoas dependentes doutras institucións...

Os procedementos empregados nesta fase deberán axustarse á idade e madureza dos entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada, e recollerán cando menos:

- a) Datos identificativos do centro e alumnado afectado.
- b) Persoa que recolle a demanda.
- c) Persoa que comunica a situación.
- d) Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.
- e) Lugares onde se produce o acoso, aínda que se producise fóra das instalacións do centro.
- f) Feitos observados.

Entrevista individual á presunta vítima.

O obxectivo desta entrevista será dilucidar a posible veracidade dos feitos denunciados e, polo tanto, a pertinencia de incoación de expediente, así como proporcionarlle apoio e protección ao alumno ou á alumna, rachar co illamento social que permitiu a aparición do acoso e, ao mesmo tempo, obter a súa información ao respecto. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto. Será necesario revisar a información dispoñible e ter en conta que posiblemente lle custe falar do tema e que incluso o negue. É importante que esta primeira toma de contacto se xere nun clima de confianza, polo que, se é necesario, deberá repetirse ata que o alumno se encontre en disposición de trasladar o alcance do problema.

Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección.

Entrevista individual á/s persoa/s posible/s responsable/s do acoso.

O obxectivo desta entrevista será recoller a información dende o punto de vista da persoa ou persoas presuntamente agresora/s, amosar a postura do centro de intolerancia cero ante as agresións e que tome ou tomen conciencia das consecuencias da súa posible conduta para a vítima e para eles ou elas mesmos/as, sen confundir “sermón” con entrevista. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade, procederá, se non está acompañado da súa familia, que esta entrevista se produza en presenza dun adulto, tal e como se especifica no apartado correspondente á tramitación de expedientes do procedemento corrector.

É conveniente que as entrevistas sexan individuais. Os datos achegados pola/s persoa/s presuntamente responsable/s do acoso servirán para constatar os feitos e valorar se realmente está ou están exercendo de acosador/es ou acosadora/s. En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso corrector, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente.

Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras.

O obxectivo desta entrevista é a recollida de información das persoas “espectadoras/observadoras”, que son os membros da comunidade educativa que poden coñecer os feitos pero non participan activamente nestes. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade e non se atope acompañado da súa familia procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.

Trátase de contrastar a información achegada por estas persoas coa obtida das persoas que son presuntamente acosadas e acosadoras, coa finalidade de poder garantir a veracidade dos feitos. As entrevistas deben ser realizadas de forma individual. En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente.

Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas posible/s acosadora/s.

Trátase de dar a coñecer e recoller información sobre os feitos denunciados, se son coñecidos

polos pais e, de ser o caso, que medidas tomaron ata esa data ao respecto. É preciso informar da postura firme do centro sobre a intolerancia absoluta cara ás agresións e procurar a colaboración das familias, explicándolles os seguintes pasos da intervención para atallar o problema.

En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección.

Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro.

A persoa responsable da tramitación poderá solicitar asesoramento e/ou apoio técnico á persoa que ocupe a xefatura de orientación do centro cando o considere necesario e oportuno para o desenvolvemento do proceso.

Solicitud de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso.

Cando se considere oportuno, a persoa responsable da dirección poderá solicitar asesoramento a outros profesionais educativos como son os Equipos de Orientación Específicos e a Inspección Educativa, en calquera momento do proceso.

Unha vez rematado o proceso de recollida de información, rexistraranse nun documento todos os datos relevantes para proceder á súa análise.

TERCEIRA FASE. ANÁLISE DA INFORMACIÓN E ADOPCIÓN DE MEDIDAS.

Análise da información.

Antes de adoptar calquera medida é necesario contrastar a información recollida, na fase anterior, de varias fontes. Resulta imprescindible ordenar adecuadamente as actuacións e garantirlles a información aos implicados sobre o proceso desenvolvido ata o momento e a discreción no tratamento dos datos e da información obtida. Trátase de atopar coincidencias e diverxencias entre os datos obtidos das diversas fontes de información.

Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, deberá ser comunicada polo responsable das averiguacións previas á dirección do centro, quen precisará se a situación detec-

tada é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará as medidas provisionais que cómpre adoptar, así como a incoación do expediente, sempre de acordo coas previsións recollidas nas normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF), no regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, con respecto ás condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento.

Cando se aprecien indicios suficientes da situación de acoso escolar, débese distinguir entre as medidas que se adopten tendentes á protección da posible vítima, as medidas reeducadoras e correctoras da persoa ou persoas presuntamente agresora/s e as referidas a outros membros da comunidade educativa.

As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser constatadas e corrixidas sen a previa instrución dun expediente. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificará-llo:

- a) Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.
- b) Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.
- c) Ao profesorado tutor do alumnado implicado.

Cando as situacións conflitivas transcendan dos recursos e competencias do sistema educativo ou cando os órganos responsables do centro aprecien indicios de condutas penais, poderá solicitarse axuda externa e poñelo en coñecemento dos servizos competentes (Policía Nacional, Garda Civil, Fiscalía de Menores, servizos sociais...), aspecto este último que será de obrigado cumprimento nos casos de especial gravidade e aqueloutros recollidos na lexislación establecida para o efecto, tal como se indica no punto 6 deste documento, referido a aspectos xurídicos da responsabilidade do centro.

Adopción de medidas educativas.

Con independencia do resultado da instrución do expediente, unha vez rematado este, a persoa responsable da dirección do centro, tomando en consideración a información aportada, ditaminará as medidas de mellora educativas que hai que adoptar, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do departamento de orientación e da comisión de convivencia do centro.

As medidas que teñan que imponse deberán ter un carácter educativo, tendente á reflexión e



toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

Medidas de protección á presunta vítima.

Con independencia das medidas adoptadas con carácter urxente para protexer a persoa presuntamente acosada, referidas na primeira fase, son múltiples as posibilidades de protección e variarán en función das necesidades peculiares do alumno ou da alumna vítima do acoso, e das posibilidades do centro.

Algunhas destas medidas poderían ser:

- a) Vixilancia específica das persoas presuntamente implicadas (acosada e acosadora/s).
- b) Solicitude de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas.
- c) Asignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima” á que a vítima poida acudir cando o necesite.
- d) Reorganización do horario de profesorado para unha mellor atención do alumnado afectado.
- e) Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación.
- f) Tutoría individualizada e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconcepto e da autoestima...
- g) Actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...
- h) Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar a posible vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saídas, corredores...).
- i) De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas posible/s acosadora/s, logo do oportuno expediente.
- j) Apertura de expediente á persoa ou persoas presuntamente agresora/s .
- k) Derivar a servizos de profesionais especializados externos as persoas implicadas, se procede, para abordar tratamentos específicos que poidan reforzar o labor efectuado no centro.
- l) Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito puidese ser constitutivo de delito ou falta penal.

Medidas reeducadoras e correctoras para a/s persoa/s agresora/s unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso.

Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s. Como actuacións complementarias ás medidas correctoras concluídas logo do oportuno expediente, é preciso desenvolver coa persoa ou persoas agresora/s medidas reeducadoras coma as seguintes:

- a) Elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais.
- b) Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
- c) Formación de equipos de mediadores.
- d) Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
- e) Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro. Os agresores poden coñecer as emocións que sente a vítima, amosan empatía cognitiva, pero non son capaces de compadecerse, non amosan empatía emocional (sentir cos demais).
- f) Programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión...
- g) Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
- h) Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.

Medidas correctoras para a/s persoa/s agresora/s.

Unha vez confirmada a existencia de indicios suficientes da situación de acoso, requirirase da tramitación do oportuno expediente segundo as instrucións e procedementos establecidos con carácter xeral.

Outras medidas:

- Co grupo-clase e co alumnado espectador/observador:
 - a) Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeiras, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía ...
 - b) Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón.
 - c) Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
 - d) Analizar as consecuencias dos comportamentos.

e) Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións de maltrato.

Coas familias:

a) Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.

b) Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas ou fillos.

c) Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.

d) Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos e ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.

e) Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...

f) Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas (establecer compromisos).

Co equipo docente:

a) Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.

b) Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro.

c) Acordar e unificar criterios de actuación. Creación dun código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.

d) Apoiar e facilitar o labor do profesorado titor.

e) Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.

f) Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos axudantes ou mediadores).

CUARTA FASE. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS.

Unha vez adoptadas as medidas previstas, é necesario continuar levando a cabo, a través do director ou directora do centro, ou da persoa na que delegue, un seguimento da situación, coa intenciónalidade de que non se volva producir e de observar os cambios reais no comportamento individual do alumnado protagonista da situación de acoso, no grupo onde tivo lugar (clima de aula e de centro) e o tempo no que se mantén o efecto das intervencións.

Este seguimento levarase a cabo coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo.

A este efecto, débense programar encontros periódicos, especialmente coa vítima, para comprobar se a actuación foi eficaz: se xa non hai maltrato, se mellorou a situación da vítima e se a persoa ou persoas agresora/s modificaron a súa actitude e conduta.

A dirección debe responsabilizarse de que se leven a cabo as medidas previstas e informará á Inspección Educativa do seu grao de consecución, segundo a temporización prevista.

Estratexias organizativas e de prevención no centro.

- ▶ Potenciar o funcionamento da comisión de convivencia do centro.
- ▶ Solicitar o apoio e o asesoramento do orientador ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- ▶ Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro. Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- ▶ Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do Plan de convivencia e das NOFC.
- ▶ Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- ▶ Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial as competencias sociais e cívicas.
- ▶ Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.
- ▶ Protocolos de información ante unha situación de acoso.
- ▶ Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións, taboleiro de denuncias e queixas vía telemática, correo electrónico de solicitude de axuda...
- ▶ Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...
- ▶ Mellorar as zonas de ocio, organizar grupos de xogo...
- ▶ Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa orientados á construción dunha convivencia positiva.

Estratexias de prevención na aula.

- ▶ Realizar actividades de tutoría programadas no grupo referidas a:
 - Relacións no grupo.
 - Fomento da amizade.
 - Tarefas colaborativas.
 - Sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do chivato, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...).
 - Conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescentes.
 - Análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.
 - Facilitarlle ao alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.
- ▶ Utilizar sesións de tutoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.
- ▶ Manter a través da acción tutorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.

O CIBERACOSO. CRITERIOS DE ACTUACIÓN .

O ciberacoso ou cyberbullying é o uso das redes sociais, correo electrónico, blogues e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública.

O ciberacoso supón o uso e difusión de información lesiva ou difamatoria (insultos, difamacións, ameazas, intimidación, seguimento persistente, envío reiterado de correos a alguén que non desexa recibilos, exclusión, boicot, humillacións, spam, distribución de datos e imaxes persoais, roubo e suplantación da identidade...) en formato electrónico a través de medios de comunicación como o correo electrónico, a mensaxería instantánea, as redes sociais, a mensaxería de texto a través de teléfonos ou dispositivos móbiles, a publicación de vídeos e fotografías en plataformas electrónicas de difusión de contidos, e calquera outra que poida xurdir con características similares.

Normalmente distínguense tres tipos de perigos aos que están expostas as persoas con internet: perigos persoais, acceso a contidos inapropiados e adicción. O ciberacoso inclúese no primeiro

tipo.

Tipos de ciberacoso.

O ciberacoso pode concretarse en:

1. **Fustrigamento:** cando se envían imaxes ou vídeos denigrantes sobre unha persoa, virus informáticos, mensaxes ameazantes...
2. **Exclusión:** cando se usan contornos públicos para mandar comentarios despectivos ou rumores difamatorios co fin de provocar unha resposta expansiva, cando se lle nega o acceso a foros ou plataformas sociais á vítima...
3. **Manipulación:** cando se utiliza información para difundila de xeito inapropiado entre os membros das redes sociais, cando se accede coa clave doutra persoa e se realizan accións que poden prexudicala no seu nome...

Unha vez que se verificou unha posible situación de ciberacoso, o centro educativo deberá traballar de xeito inmediato e simultáneo en tres liñas de actuación: valoración, comunicación e accións de protección.

Protocolo de actuación.

Ante situacións de ciberacoso será de aplicación o establecido no protocolo de acoso escolar que se desenvolve neste documento, para o que se terán en consideración as seguintes particularidades:

- É imprescindible conservar as probas do ciberacoso durante todo o tempo, sexa cal fose a forma na que se manifeste. Para esta conservación poderán capturarse pantallas en modo imaxe e vídeo, imprimir páxinas, copiar ficheiros... aspecto que deberá realizarse antes de iniciar calquera actuación coa posible persoa agresora ou persoas agresoras.
- Tratar de identificar as posibles persoas autoras do ciberacoso (atopar o seu enderezo IP, acudir a especialistas en informática e ás forzas e corpos da seguridade do Estado), pero, en todo caso, sen lesionar os dereitos de ningunha persoa.
- Contactar coa compañía do medio empregado para cometer o acoso (compañía de teléfono, propietario do dominio ou sitio web etc.) coa finalidade de coñecer o procedemento que cómpre seguir para obter a información necesaria.
- Se é o caso, denunciar o acoso ás forzas e corpos de seguridade do Estado que dispoñen de unidades de delitos informáticos (Policía Nacional, Garda Civil e Policía Autonómica).

Todas estas accións deberán estar enmarcadas na máis absoluta discreción e confidencialidade.

Para valorar este tipo de condutas tomaranse en consideración os seguintes aspectos:

- Características e natureza das accións analizadas e dos dispositivos tecnolóxicos utilizados na comisión dos feitos.
- Natureza e difusión das accións.
- Facilidade/dificultade para deter o ciberacoso.
- Tempo de exposición da vítima ao ciberacoso.
- Idade e características psicolóxicas da vítima e da persoa ou persoas presunta/s agresora/s.
- Repercusión e impacto na vítima.
- A información recollida deberá detallar, ademais:
 - Relación co ámbito escolar.
 - Natureza, intensidade, difusión e gravidade da situación coñecida.
 - Efectos producidos.

Estratexias preventivas.

Ante situacións de ciberacoso serán válidas moitas das estratexias establecidas no protocolo de acoso escolar desenvolvidas no punto anterior, aínda que se indican neste apartado algunhas máis específicas e particulares do ciberacoso.

Os profesionais do ensino deben estar atentos á maneira en como utilizan eles mesmos e como utiliza o alumnado os medios informáticos e ter claro como actuar en cada situación, como guiar o alumnado e como aconsellar as familias, de aí que se deban potenciar as boas prácticas nestes tres ámbitos de actuación:

Profesorado e centro.

- a) Coñecer o funcionamento da web, en especial das redes sociais, para dominar o medio e poder aconsellar o alumnado e as familias.
- b) Aplicar medidas de seguridade nos equipos informáticos escolares (controlar o software instalado, as contas de usuario, o almacenamento de documentos, quen utiliza os equipos en cada hora etc.).
- c) Establecer normas de uso dos equipos na aula (definir que pode e que non pode facer o alumnado, como debe organizar o seu material, respectar o material doutro alumnado, onde pode ou non pode acceder etc.).
- d) Empregar sistemas de control e filtrado.
- e) Realizar un uso didáctico e controlado das redes en sentido positivo, como actividade,

incluíndo as boas prácticas, a seguridade e a prevención como contidos.

f) Detección de problemas: documentarse sobre a sintomatoloxía dos problemas e estar atento a calquera indicio de ciberacoso ou malas prácticas.

g) Evidentemente, en aulas que son utilizadas por varios grupos de alumnado, debe haber unha boa coordinación entre o profesorado en canto a normas e medidas.

Alumnado.

a) Aconsellar que controlen a súa identificación e a circulación dos seus datos persoais (alias, ingreso en grupos etc.). En concreto, algunhas recomendacións habituais son:

- Non crear contas en foros e redes sociais cos datos persoais, senón utilizando alias. Comunicar a propia identidade de forma privada só a aqueles outros membros cos que hai confianza e interesa que nos identifiquen.
- Non establecer citas ou outras actividades presenciais con persoas que non coñecesen antes persoalmente, isto é, fóra da rede.
- Non comunicar o domicilio, datos de contacto, datos bancarios etc.; tampouco datos persoais de terceiras persoas.
- Sondar periodicamente a rede mediante un buscador, para saber se os seus datos persoais ou imaxes figuran nalgunha web.

b) Consellos para non acosar: aproveitar o papel dos docentes para conciencialos de que a web non é o lugar apropiado para resolver diferenzas con outras persoas, e que a emisión de mensaxes hostís remata sendo prexudicial para todos. Promover o respecto e a prudencia.

c) Consellos para non ser acosado: ser prudente e respectuoso ao empregar a web para comunicarse cos demais. Moitas veces os conflitos comezan por malentendidos ou comentarios inoportunos. Non expoñerse excesivamente aos comentarios dos demais contando temas persoais. Pedir axuda inmediatamente a familiares e profesorado ante as primeiras evidencias de acoso.

d) Consellos para non tolerar o acoso: mentalizarse de que o acoso é un problema de todos, e non admitir que outros teñan actitudes negativas ou exerzan presión sobre terceiras persoas. Mostrarse conciliador e denunciar sen demora calquera caso de acoso do que se teña coñecemento.

Familias.

a) Adecuar as medidas de seguridade e control á vulnerabilidade dos seus fillos ou das súas fillas, dándolles máis autonomía a cambio de responsabilidade segundo se fagan máis ma-

duros ou maduras.

- b) Aceptar internet como un instrumento que pode resultar beneficioso se se utiliza ben.
- c) Tratar de non exercer de policías, senón de conseguir que os seus fillos ou as súas fillas acepten como natural certo grao de control. O mellor é que acorden conxuntamente unha serie de condicións para o uso da web (horario, tipo de contidos), tanto mediante os ordenadores coma os móbiles.
- d) Se fose posible, promover que o alumnado non manexe o ordenador pechado no seu cuarto, senón en presenza doutros familiares. Evitar forzalo a que nos permita ver a pantalla; é moito máis efectivo ter confianza para preguntarlle con quen se comunica e conte de forma natural que é o que fai na rede. O ideal é darlle apoio, implicarse nos seus proxectos, ou mesmo facerse membro das mesmas redes sociais.
- e) Estar atentos a calquera síntoma de desacougo, cambios de humor repentinos etc., sobre todo se coinciden cos accesos á web.
- f) Sondar periodicamente a rede mediante un buscador para detectar imaxes, datos persoais ou comunicacións dos seus fillos ou das súas fillas.

Resulta moi beneficioso manter un contacto profesorado-familia para comunicar calquera síntoma de acoso que se detecte no alumnado e tomar medidas canto antes.

5.5 PLAN DE ACTUACIÓNS PARA A IGUALDADE.

A Comunidade Autónoma de Galicia e a Administración educativa amosa, coa publicación do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia, o seu compromiso coa igualdade de oportunidades e de xénero coa finalidade de promover a construción dun novo modelo formativo capaz de abranguer por igual o feminino e o masculino.

O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación.

O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos. Desde as aulas podemos ensinarlles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos.

É necesaria unha verdadeira transformación social na que o xénero non sexa un motivo de discriminación, facendo especial fincapé no grave problema social da violencia de xénero, que, como forma extrema de desigualdade, require que sexa tratado dende o ámbito educativo coa finalidade de que se difunda, dende os primeiros anos de escolarización, unha educación que promova o respecto e a igualdade co obxectivo de que esa lacra social poida algún día desaparecer da nosa sociedade.

Outra das finalidades deste Plan é a integración e a normalización da diversidade afectiva e sexual, xa que ningunha persoa debe sufrir ningún tipo de discriminación no ámbito educativo polas súas opcións. Neste sentido, débese potenciar unha educación tolerante e integradora que non imponha un modelo uniforme de sexualidade como predominante.

Por outra parte é preciso que en todos os ámbitos da educación se faga énfase na necesidade de camiñar cara á corresponsabilidade en todos os ámbitos, de tal xeito que se modifiquen os patróns de conduta adquiridos pola tradición familiar e social que crearon etiquetas para as distintas tarefas en función do sexo.

Para a elaboración deste Plan tivéronse en conta catro principios inspiradores que sustentan todos e cada un dos eixes de actuación:

- **Transversalidade:** a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
- **Sociedade igualitaria:** a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.
- **Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”:** é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- **Inclusión e integración da diversidade.** A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

Os seis eixes ou piares fundamentais nos que se sustenta o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia son:

1. Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
2. Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.
3. Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística...).

4. Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respetuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.
5. Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.
6. Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Na aplicación deste plan resulta de especial importancia a colaboración e o apoio dos departamentos de orientación xunto co resto do profesorado, como recurso necesario para a inclusión e para a mellora da intervención educativa en termos de igualdade.

A proposta concreta de centro para tratar a igualdade deixase recollida no anexo II deste plan de convivencia.

O centro contará con polo menos, unha persoa responsable do plan de actuacións para a igualdade.

5.6 PROTOCOLO DE MEDIACIÓN.

O artigo 10 da Lei 4/2011 indica que no plan de convivencia se integrará a mediación na xestión dos conflitos.

No artigo 26 do Decreto 8/2015 defínese a mediación como unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos, na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Así mesmo, potencia a utilización da mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa, con independencia dos procedementos correctores das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Cabe destacar que a mediación non substitúe o conxunto de normas que elabora un centro escolar a través do seu plan de convivencia, pero si é un método construtivo para a resolución pacífica de conflitos:

- Como unha medida previa naqueles conflitos para os que as normas de convivencia no centro educativo prevexan algún tipo de sanción, xa que as diferentes accións que a mediación pon en marcha poden favorecer a aprendizaxe das habilidades sociais necesarias para mellorar a convivencia.
- Como unha medida para a resolución daqueles conflitos nos que non se produce unha transgresión a ningunha norma de convivencia do centro, pero nos que a mediación ofrece a posibilidade de abordalos de forma pacífica e dialogada.
- Como unha medida posterior, reparadora, en casos de disfuncións á convivencia, abordados segundo o previsto na normativa, pero nos que ademais das medidas que o centro educativo adopte, a mediación preséntase como unha oportunidade de reconstrución, reconciliación e resolución.

Servizo de mediación.

Na actualidade o centro non ten implantado o servizo de mediación.

No caso de querer levalo a cabo requirirase discusión nos órganos de coordinación docente, presentación ao claustro, información á ANPA e á xunta de delegados e aprobación por parte do consello escolar.

Como anexo III xúntanse as directrices para a creación dos equipos de mediación.

5.7 PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS.

Os programas que contribúan á adquisición de habilidades e competencias sociais, ou actuacións similares que contribúan a un desenvolvemento equilibrado das competencias persoal e social, son fundamentais como medida de prevención para evitar que se produzan condutas que alteren unha desexada convivencia entre os diferentes membros da comunidade educativa.

A Lei 4/2011, no seu artigo 19, destaca, entre os programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, a elaboración e desenvolvemento por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais dirixido fundamentalmente ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e que ten como finalidade mellorar a súa integración no centro docente.

Ademais, tanto a citada lei como o artigo 24 do Decreto 8/2015 establecen este tipo de progra-

mas tamén para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, ou mesmo para a súa atención na aula de convivencia inclusiva, tal como se mencionou anteriormente.

Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

O programa de adquisición de habilidades e competencias sociais recóllese no anexo IV deste Plan de Convivencia.

5.8 ACTUACIÓNS ANUAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Obxectivo	Acción/Actuación	Responsable	Temporización e Recursos	Indicadores de logro / Criterios de avaliación
Recoller nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro (NOFC) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas,	Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.	Orientador/a Director/a Xefe/a de estudos Profesorado.	Durante o 1º Trimestre. Pautas de elaboración da programación. Documentación de centro existente.	Recibíronse achegas por parte do profesorado. As propostas foron incorporadas aos distintos documentos de centro.

saídas, cambios de clase, recreos etc.).	Vixiar as zonas comúns (aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...)		Ao longo do curso.	O alumnado e profesorado recibiu a información necesaria.
	Redistribución do patio (zonas activas, semi activas e tranquilas), adquisición de materiais para cada unha das zonas e ambientación acorde a cada unha.		Cadro organizativo de gardas e distribución do patio.	Os conflitos abórdanse segundo os procedementos incluídos nas NOFC e no Plan de Convivencia.
	Organizar o centro de forma respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.		Ao principio de curso e sempre que sexa necesario. Documentación de centro existente.	A distribución do alumnado nos distintos espazos respecta as indicacións presentes nas NOFC e no Plan de Convivencia.
	Esixencia do cumprimento das normas por parte do profesorado, con independencia de que sexa ou non titor, a todo o alumnado do centro naquelas situacións que o requiran.		Ao longo do curso. Documentos de centro: NOFC e Plan de Convivencia.	O profesorado coñece e aplica as normas do centro.
Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).	Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso ou maltrato con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións.	Orientador/a Director/a Xefe/a de estudos Profesorado.	Ao longo do curso. Caixa de reclamacións, queixas e suxestións.	Emprego das canles establecidas por parte do alumnado.
	Utilizar asembleas de aula como sesións de información, debate e participación.		Ao longo do curso. Materiais varios para reflexión e debate.	Realización de asembleas de aula con certa periodicidade.
	Empregar a axenda escolar como medio de comunicación familia-escola.		Ao longo do curso. Axenda escolar.	A utilización da axenda considérase eficaz.

	Empregar abalar móbil como canle de comunicación coas familias.		Ao longo do curso Mobil coa aplicación abalar e ordenador con conexión a internet.	As familias fan uso da aplicación abalar móbil. O profesorado emprega a aplicación XADE diariamente, para rexistrar ausencias e faltas de conduta.
	Rexistrar os conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión real da convivencia no centro que permita, fundamentándose na evidencia, introducir as modificacións necesarias para a regulación da convivencia do centro.		Libros rexistros. Aplicación Xade. Partes de aula e incidencias. Documentos de centro.	O profesorado rexistra e notifica ao titor/a e/ou á xefatura de estudos os conflitos que se producen no centro. A comisión de convivencia e demais órganos competentes fan unha análise sobre os conflitos que se producen e as posibles solucións.
	Solicitar o apoio e asesoramento do/a orientador/a ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.		Protocolo de acoso e ciberacoso escolar. Documentación de centro.	Ante as sospeitas de posible acoso ou ciberacoso a orientadora actúa de forma preventiva.
	Empregar as titorías, tanto co alumnado como coas familias, como recurso fundamental para recoller información.		Ao longo do curso. Materiais varios.	As familias acoden a titoría tanto por petición propia como dos distintos profesores/as. As titorías co alumnado son operativas e nelas os rapaces e rapazas expresan as súas inquedanzas.
Revisar e adaptar os documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.	Impulsar as concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia social e cidadá.	Orientador/a Director/a Xefe/a de estudos Profesorado	Ao longo do curso. Materias varios: documentos legislativos, exemplificacións...	O profesorado implícase na elaboración da concreción curricular.
	Revisión e avaliación de documentos de centro: NOFC e Plan de Convivencia.	Orientador/a Director/a Xefe/a de estudos Profesorado Comisión de Convivencia.	A principio de curso e ao finalizar o curso. Carpeta informática coa documentación de centro.	Fanse achegas para adaptación e mellora dos plans por parte dos distintos membros da comunidade educativa.

Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.	Revisión nos departamentos/equipos, CCP e claustro, a primeira semana de setembro, das normas incluídas no plan e establecer acordos sobre formas de abordar o traballo destas normas co alumnado.	Orientador/a Director/a Xefe/a de estudos Profesorado Comisión de Convivencia	A principio de curso. Documentación de centro.	Elaboráronse propostas concretas para abordar o traballo das normas co alumnado. Leváronse a cabo estas propostas.
	Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.	Orientador/a	Ao longo do curso. Protocolo de acoso e ciberacoso. Documentos de centro.	A comunidade educativa recibe información sobre o acoso e a súa prevención.
	Durante o mes de setembro dedicar tempo nas aulas de todos os niveis ao traballo sobre as normas do plan.	Titores/as	NOFC e documento resumo das mesmas	O alumnado reflexiona sobre as normas e a necesidade de respectalas. O alumnado participa aportando achegas para as normas de aula.
	Promover dende a comisión de convivencia e a ANPA actividades informativas relacionadas cos temas de convivencia.	Comisión de convivencia. ANPA.	Programas de actividades ofertadas por distintas institucións.	Leváronse a cabo actividades informativas relacionadas coa convivencia.
Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.	Incluír nas programacións dos diferentes cursos e/ou departamentos, para desenvolver ao longo do curso, a realización dalgún traballo cooperativo entre o alumnado.	Profesorado. Orientador/a.	Ao longo do curso. Materiais varios: textos, material audiovisual, ordenadores...	Realizouse algún traballo colaborativo por material e/ou curso. O alumnado mostra unha actitude positiva na participación neste tipo de traballos.
	O profesorado empregará material didáctico que fomenta os valores de participación, solidariedade e tolerancia, respectando o principio de non discriminación entre sexos.		Ao longo do curso. Material didáctico variado.	O material didáctico empregado respecta os principios de participación, solidariedade, tolerancia e non discriminación entre sexos.

	<p>O profesorado cuestionará e rexeitará os estereotipos sexistas (na publicidade, na linguaxe, nas relacións interpersoais, nos xogos...) e fomentará actitudes de igualdade.</p>			<p>A comunidade educativa vai tomando conciencia sobre a igualdade.</p>
	<p>Establecer reunións periódicas por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro.</p>		<p>Ao longo do curso. Material variado.</p>	<p>Acórdanse accións conxuntas nos niveis para a mellora da convivencia no centro.</p>
<p>Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.</p>	<p>Levar a cabo distintas actividades (visionado de películas, charlas, titorías...) orientados á construción dunha convivencia positiva baseada no diálogo.</p>	<p>Orientador/a Director/a Xefe/a de estudos Profesorado</p>	<p>Ao longo do curso. Materiais varios: textos, material audiovisual, ordenadores...</p>	<p>O alumnado vai sendo mais consciente da utilidade do diálogo como ferramenta para a resolución de conflitos.</p>
	<p>No traballo diario, farase fincapé nos modos adecuados de relación: falar, escoitar con respecto aos demais...</p>		<p>Ao longo do curso.</p>	<p>O alumnado vai adquirindo modos adecuados de relación.</p>
<p>Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.</p>	<p>Potenciar a participación de todo o alumnado nos xogos e outras actividades empregando mensaxes de acollida (todos/as podemos xogar, só non xoga o/a que non quere) evitando así a exclusión.</p>	<p>Profesorado</p>	<p>Ao longo do curso.</p>	<p>O alumnado vai adquirindo a capacidade de empatizar cos demais.</p>
	<p>Educación de sentimentos, actitudes e valores, ensinando a:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresar adecuadamente as emocións, recoñecer as dos demais e asumir actitudes de respecto cara as emocións dos demais. • Rexeitar adecuadamente os violentos e abusadores e a non valorar estes mo- 	<p>Profesorado. Orientador/a.</p>	<p>Ao longo do curso.</p>	<p>O alumnado vai adquirindo a capacidade de empatizar cos demais.</p>

	<p>delos de comportamento.</p> <ul style="list-style-type: none"> • 			
	<p>Establecer na programación xeral anual concrecións anuais de mellora da convivencia adoptando obxectivos claros, consensuados e asumidos por toda a comunidade educativa que terán como referencia o plan de convivencia.</p>	<p>Orientador/a Director/a Xefe/a de estudos Profesorado Comisión de Convivencia</p>	<p>A principio de curso. Documentos de centro.</p>	<p>A comunidade educativa coñece e leva a cabo as concrecións anuais do plan de convivencia.</p>
<p>Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).</p>	<p>Potenciar o funcionamento da comisión da convivencia.</p>	<p>Orientador/a Director/a Xefe/a de estudos Profesorado Comisión de Convivencia</p>	<p>Trimestralmente e sempre que sexa necesario. Documentación relacionada coas situacións concretas que se produzan.</p>	<p>Os/as integrantes da comisión de convivencia asisten e participan nas reunións coa periodicidade establecida e sempre que sexa necesario.</p>
	<p>Consensuar procedementos de notificación e actuación ante situacións contrarias á convivencia.</p>		<p>Ao principio de curso. Documentación de centro.</p>	<p>Os procedementos acordados resultan efectivos.</p>
	<p>Establecer as funcións dos departamentos/equipos, CCP, comisión de convivencia, claustro e consello escolar en relación coa aplicación, revisión e desenvolvemento do plan de convivencia.</p>		<p>Ao principio de curso. Documentos de centro.</p>	<p>Os/as integrantes dos distintos órganos do centro compren as súas funcións en relación co desenvolvemento do plan de convivencia.</p>

<p>Fomentar a autoestima e o coñecemento dun mesmo, tendo en conta as capacidades e limitacións de cada quen.</p>	<p>Incluír nas programacións dos diferentes cursos e/ou departamentos, para desenvolver ao longo do curso, a realización dalgún traballo cooperativo entre o alumnado.</p>	<p>Profesorado titor/a e especialistas. Departamento de orientación.</p>	<p>Ao longo do curso. Materiais varios: textos, material audiovisual, ordenadores...</p>	<p>O alumnado mostra unha actitude positiva na participación neste tipo de traballos.</p> <p>O alumnado valora as capacidades e respecta as limitacións propias e alleas.</p>
	<p>Fomentar, a través do traballo en grupo, a valoración persoal de cada alumno/a, axudando a que perciban que as súas achegas son importantes para o grupo.</p>	<p>Profesorado.</p>		<p>O profesorado emprega unha metodoloxía orientada a fomentar a autoestima positiva do alumnado.</p>
	<p>Organizar "patrullas de alumnado" nos recreos, responsables do reparto e recollida de materiais...</p>	<p>Profesorado titor/a e especialistas. Alumnado.</p>	<p>Ao longo do curso. Material acreditativo para as patrullas. Material de xogo. Documento das distintas zonas do patio e dos seus materiais.</p>	<p>O alumnado ten interese por participar no programa de patrullas do centro.</p> <p>O alumnado respecta as normas e aos compañeiros/as responsables de cada patrulla.</p> <p>O programa de patrullas do centro favorece a convivencia do centro.</p>
<p>Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.</p>	<p>Revisión e posta en práctica das accións previstas no programa de acollida do alumnado de nova incorporación (durante o proceso de admisión, durante a matriculación, durante a incorporación, nas transicións de etapa...).</p>	<p>Orientador/a</p>	<p>Antes de rematar o 1º trimestre. Materiais varios.</p>	<p>Leváronse a cabo as actividades previstas.</p> <p>Os procedementos presentáronse ao consello escolar e á CCP.</p>
	<p>Elaboración do programa de acollida para profesorado .</p>		<p>Durante o 1º trimestre. Materiais varios.</p>	<p>O programa favorece a incorporación do novo profesorado ao centro.</p> <p>O novo profesorado obtén a información necesaria por parte do D.O.</p>
<p>Colaborar con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, sanidade, xustiza, igualdade... e con outras organizacións non oficiais (ONG,</p>	<p>Participación do profesorado e do D.O. na achega de información solicitada por parte de servizos de xustiza, sanidade pública, Concello...Respectando en todo caso, a lei de</p>	<p>Orientador/a Director/a Xefe/a de estudos Profesorado</p>	<p>Ao longo do curso, cando se solicite. Materiais varios</p>	<p>O grado de comunicación entre as distintas institucións e o centro é adecuada.</p>

fundacións...).	protección de datos.			
	Programar nos respectivos departamentos/equipos o calendario de actividades organizadas por distintas institucións.	<p>Orientador/a</p> <p>Xefe/a de estudos</p> <p>Coordinador/a de actividades complementarias e extraescolares</p> <p>Profesorado</p>	<p>A principio de curso ou no momento no que xurda a actividade.</p> <p>Materiais variados.</p>	<p>O número de actividades foi suficiente.</p> <p>As actividades resultados motivadoras e interesantes.</p> <p>As actividades que se levaron a cabo contribúen e fomentan a convivencia escolar.</p>

6. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

A través da Dirección do centro e do departamento de Orientación, establécense os seguintes mecanismos:

- Procedementos para a difusión das actuacións anuais do Plan de Convivencia e do Plan de Acción Titorial.
- Reunións periódicas de titorías, ciclos/niveis, departamentos e dos distintos órganos do centro.
- Establecemento de actuacións conxuntas dos equipos docentes para o tratamento da convivencia nos grupos:
 - Unificar modelos de informes.
 - Procedementos a seguir ante as faltas de conduta.
 - Programas de acollida para fomentar a integración do novo alumnado e profesorado.
 - Reunións mensuais dos delegados/as da ESO coa xefatura de estudos.
- Establecemento de horarios de atención a pais e nais por parte do profesorado e da orientadora do centro.
- Relación cos diferentes sectores institucionais e sociais do contorno:

1. CONCELLO.

En ocasións o centro pode intercambiar información cos servizos sociais e pode demandar a súa intervención para tratar de resolver problemas relacionados co alumnado.

O alumnado participa nas actividades organizadas pola administración local, como campañas educativas, concursos, actos culturais (teatro, concertos, etc.)

Desenvólvese unha acción conxunta para poder levar a cabo as actividades complementarias e extraescolares que programa e oferta o Concello cada curso escolar.

2. UNITARIA ADSCRITA AO CENTRO.

A coordinación é permanente. Estrutúrase a dous niveis:

- Durante todo o curso o departamento de orientación fai un seguimento do alumnado da unitaria que presente NEAE.
- Organízanse visitas ao centro, prográmanse actividades conxuntas (saídas) e participase en actividades organizadas polo centro como o Entroido.

3. CENTROS NOS QUE O ALUMNADO CONTINÚA ESTUDOS.

Co obxectivo de dar a coñecer ao alumnado os itinerarios que ofrecen os centros da zona e facilitar así a orientación profesional, o departamento de orientación programa con estes centros visitas e charlas informativas.

4. ANPA

Desenvólvese unha acción conxunta para poder levar a cabo as actividades complementarias e extraescolares que programa e oferta a ANPA cada curso escolar.

Cando as circunstancias o aconsellan, a xunta directiva desta asociación reúnese co equipo directivo co fin de expoñer as súas opinións e suxestións.

5. OUTROS

Establécese contacto coa Escola infantil Galiña Azul para que o alumnado visite e coñeza o centro.

- Procedementos para realizar a difusión, seguimento e avaliación do plan.

7. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN.

Unha vez aprobado o presente plan debe contar coa participación de toda a comunidade educativa; para iso difundirase entre todos os sectores desta, utilizando todos os medios dispoñibles: edición escrita, publicación na páxina web do centro, charlas de principio de curso cos pais/nais, difusión por parte dos titores/as ante país/nais, alumnado, etc.

O equipo directivo garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da comunidade educativa.

Esta avaliación levarase a cabo ao rematar cada curso escolar e tomará como referente os indicadores de logro e os criterios de avaliación anuais recollidos no punto 5.8 deste plan.

Asemade no anexo V deste documento preséntase unha táboa para facer o seguimento do plan de convivencia así como da avaliación final deste.

A “comisión de convivencia”, reunirse trimestralmente e sempre que sexa necesario para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos en relación á aplicación do Plan e as medidas que vaian tomando. Asemade realizará un informe para a CCP coas actuacións, resultados obtidos, actividades futuras e medidas a tomar.

A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta.

Esta memoria formará parte da memoria anual do centro e recollerá:

- Actividades realizadas.
- Recursos utilizados.
- Formación relacionada coa convivencia.
- Asesoramento e apoio técnico recibido (orientación, servizos externos,...)
- Resumo das correccións adoptadas relativas a condutas conflitivas, tipoloxía destas e medidas aplicadas; casos de acoso...
- Valoración de resultados, propostas de continuidade e de mellora.

Correspóndelles aos servizos de Inspección Educativa supervisar a elaboración, o desenvolvemento e a avaliación do plan de convivencia do centro, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.

8. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O plan de convivencia do centro, unha vez aprobado polo consello escolar, debe ser coñecido e asumido por todos os membros da comunidade educativa e polos sectores do contorno que poidan ser interesados.

O equipo directivo levará a cabo as seguintes actuacións para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa. Así mesmo, levará

a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de organización e funcionamento do centro e as normas de convivencia na comunidade educativa.

ACTUACIÓNS	CANLES	MEDIOS	TEMPORALIZACIÓN
Presentación do plan de convivencia aos membros do consello escolar.	Consello escolar. Páxina web.	Entrega de carpetas informáticas que conteñan os plans actualizados.	Mes de setembro.
Presentación do plan de convivencia ao profesorado.	Claustro Páxina web.	Entrega de carpetas informáticas que conteñan os plans actualizados.	Mes de setembro.
		Entrega dun documento resumo das normas, medidas correctoras e/ou reeducadoras e procedementos de actuación.	
Elaborar e implantar protocolos de acollida do profesorado de nova incorporación, explicando os aspectos fundamentais do plan de convivencia.	Claustro	Documento resumo do protocolo.	No mes de setembro e ante calquera nova incorporación.
Dar a coñecer entre o alumnado o plan de convivencia e as NOF.	Titorías e reunión de delegados/as. Páxina web.	Desenvolver traballos de análise do plan de convivencia e das NOFC en sesións de titorías.	No mes de setembro e sempre que se considere necesario.
		Propiciar asembleas de aula e reunións de delegados/as da ESO cos representantes do Consello Escolar para analizar distintos aspectos do Plan de Convivencia.	Mensualmente.
Informar as nais e pais/titores/as legais nas reunións de inicio de curso sobre o plan de convivencia e NOF	Reunións coas familias. Páxina web.	Información por parte do titor/a e entrega de documento resumo.	Antes de que remate o mes de outubro.

9. ANEXOS.

ANEXO I: PROGRAMACIÓN DAS ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ENCAMIÑADAS A FAVORECER UN PROCESO DE REFLEXIÓN POR PARTE DO ALUMNADO.

FINALIDADES:

- Guiar a reflexión sobre unha conduta non desexada.
- Fundamentar a reflexión dos pensamentos necesarios (causal, consecuencial, de perspectiva, alternativo e de medios-fin).



- Axudar a reducir a “temperatura” emocional a través da reflexión en solitario para preparar o clima necesario para unha posterior conversación.
- Neutralizar unha rutina de conduta non desexada, reflexión estruturada.
- Preparar á persoa para que poida manter unha conversación tranquila, baseada na análise para conseguir acordos ou compromisos.

FICHA DE AUTORREFLEXIÓN

NOME E APELIDOS:..... CURSO E GRUPO:.....

LUGAR DOS FEITOS:.....

DATA:.....HORA.....PROFESOR/A:.....

(Si precisas máis espazo pides utilizar a parte de atrás do folio.)

1. Que pasou? Conta os feitos de maneira obxectiva, sen valoracións nin críticas. Que, como, cando e con quen pasou?

2. Como te sentiches?

3. Por que cres que actuaches así?. Causas da túa actuación.

4. Como cres que se sentiron as demais persoas?

5. Que consecuencias tiveron os teus actos? (para ti e para as outra persoas implicadas).

6. De que outro xeito podías ter actuado?



7. Que podes facer para compensar o feito e evitar que volva suceder?

8. Estás disposto/a facelo?

ANEXO II: PROPOSTA DE CENTRO PARA TRATAR A IGUALDADE.**ÍNDICE**

1. INTRODUCCIÓN.....	82
2.CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO	83
3.ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA	85
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS POLO NOSO CENTRO:	86
5.MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:.....	86
5.1. Organización do centro:.....	86
5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:	87
5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclu- sivo:.....	88
5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:	89
6.SEGUIENTO E AVALIACIÓN.....	89
7. INDICADORES DE LOGRO/CRITERIOS DE AVALIACIÓN	90

1. INTRODUCCIÓN

O noso centro leva varios anos traballando de xeito decidido a prol dos obxectivos coeducativos.

Na actualidade constitúe unha **marca de identidade do noso Proxecto educativo**, e así o recoñece a nosa comunidade educativa, que considera o noso centro un espazo seguro de violencias machistas.

Nestes anos estivemos desenvolvendo as seguintes actuacións:

- concretamos obxectivos coeducativos: no Plan de convivencia, no Proxecto lector etc...
- no curso 2018-2019 nomeamos dúas persoas responsable en materia de igualdade no Consello Escolar. Na actualidade estas persoas son Mercedes Vázquez López e Susana Labandeira Vázquez.
- activamos o protocolo de condutas contrarias á convivencia nunha ocasión para atallar problemas de conduta relacionadas co xénero (faltas de respecto, agresións, difusión de imaxes na rede...).
- fixemos campañas de sensibilización para informar e concienciar ao alumnado sobre os seguintes contidos: prevención da violencia de xénero, educación afectivo-sexual, diversidade afectivo-sexual etc.
- promovemos unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero, poñendo o foco no emprendemento das mulleres e dos homes nos ámbitos profesionais nos que están menos representados.
- cada curso escolar realizamos actividades de sensibilización dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial:
 - 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero
 - 8 de marzo, Día Internacional da Muller
 - celebracións LGBTI

Alén destas actuacións, que son de carácter obrigatorio segundo a normativa vixente, no noso centro emprendéronse as seguintes accións positivas para impulsar os obxectivos coeducativos. Enunciámolas de xeito xenérico:

- Participamos en charlas, obradoiros e contacontos organizadas pola ANPA e subvencionados pola Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Igualdade) destinados a promoción da igualdade entre homes e mulleres e a prevención e loita contra a violencia cara as mulleres.
- Participación no programa GIRL STEM impulsado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- Creación de vídeos stopmotion sobre igualdade.
- Para visibilizar o papel das mulleres nos distintos ámbitos leváronse a cabo, no centro, actividades como:
 - Elaboración de murais nos que participamos as distintas etapas educativas do centro (mulleres pensadoras, mulleres no mundo, “precísanse nenos sensibles e nenas valentes”...).
 - Concurso de chapas sobre mulleres relevantes.
- Charlas impartidas pola Garda Civil sobre violencia de xénero e acoso escolar.
- Participación en obradoiros impartidos por QUÉROTE, rede de asesoramento afectivo-sexual para a mocidade.
- Participación no concurso de cartaces “Pola Igualdade” organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- Participación en obradoiros impartidos pola CRUZ VERMELLA.
- Participación en charlas, obradoiros, concursos e contacontos organizados polo Concello co motivo da celebración do 25 de novembro e o 8 de marzo.
- Participación en cursos sobre igualdade por parte do equipo directivo.
- Participación por parte do profesorado nun PFPP sobre a elaboración de documentación de centro, en concreto o Plan de Igualdade.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Como xa indicamos, con anterioridade á Instrución do 6 de setembro de 2019 o noso centro xa recollía en distintos dos plans e documentos de organización accións relacionadas cos obxectivos coeducativos. Detállanse como segue:

- no Proxecto educativo recóllese na primeira nota ou seña de identidade do centro o seguinte obxectivo: “Fomentar os valores da coeducación e eliminar as actitudes que favorezan a discriminación de sexo”.
- no Plan de convivencia recóllese:

- como principio fundamental: “A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas”.
- como obxectivo xeral: “Facilitar a prevención e eliminación de todas as manifestación de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas”.
- como obxectivo específico: “Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situación contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...) ou calquera tipo de discriminación por razóns de orixe, raza, orientación sexual....
- como principios inspiradores a ter en conta na elaboración e posta en práctica do plan de igualdade:
 - **Transversalidade:** a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
 - **Sociedade igualitaria:** a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.
 - **Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”:** é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
 - **Inclusión e integración da diversidade.** A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.
- nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro recóllese:
 - como principio fundamental: “A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas”.
 - como dereitos do alumnado: “A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais”, “á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar”.
 - como deberes do alumnado: Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes

e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

- como condutas gravemente perxudiciais:
 - “Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.
- como norma xeral establécese:
 - “Todo o alumnado ten dereito a participar nos xogos e deportes sen que se fagan discriminacións”.
 - “Evitarase toda violencia física, así como agresións e pelexas, insultos, intimidacións, ameazas e agresións psicolóxicas ou morais”. Consideraranse circunstancias agravantes o que a agresión, ameaza ou acoso non sexa entre iguais ou sexa dun grupo cara a un individuo.
 - “Considerarase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo, dun alumno/a por outro/a ou outros/as, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluíndo o illamento ou baleiro social. Terá a mesma consideración as condutas realizadas a través dos medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos”.
 - “Está prohibido, gravar, manipular ou difundir imaxes ou información que atente contra o dereito á honra, á dignidade, á intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos membros da comunidade educativa”.
- no Plan Tic recóllese como un dos obxectivos xerais o seguinte: “Fomentar o uso dos medios informáticos, como forma de romper as desigualdades sociais e xeográficas”.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

No centro non se realizou ningún estudo nin recollida de datos que nos permita dispor dunha diagnose completa sobre a cal formular axeitadamente o plan de igualdade. Por esta razón, cara ao vindeiro curso escolar 2020/21 deseñaremos e realizaremos enquisas acaídas que nos permitan coñecer o sentir do noso centro arredor da igualdade.

A información da que dispoñemos no noso centro na actualidade indícanos que existen fendas de xénero en:

- representación do profesorado en órganos de decisión. (sobrerrepresentación de mulleres)
- resultados académicos. (sobrerrepresentación de mulleres)
- abandono escolar temperán. (sobrerrepresentación de homes)
- condutas contrarias á convivencia. (sobrerrepresentación de homes/mulleres)
- actividades lúdicas no recreo – xogos de balón (sobrerrepresentación de homes)

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS POLO NOSO CENTRO:

No curso 2019/20 o noso centro está a desenvolver os seguintes obxectivos coeducativos que parten dos eixes de actuación recollidos na páx. 59 do Plan de Convivencia.

- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

Para o curso 2019/20 o noso centro acordou realizar as seguintes medidas de actuación co fin de impulsar os obxectivos coeducativos. Detallámoslos segundo o ámbito de actuación.

5.1. Organización do centro:

- vaise favorecer a **representación** dos homes e das mulleres nos órganos de decisión e representación para lograr unha representación máis equitativa.
- vaise nomear dúas persoas responsables en materia de igualdade. Para iso no primeiro Consello Escolar do curso nomearanse as persoas responsables en materia de igualdade (coordinadoras).
- As **persoas coordinadoras** en materia de igualdade no centro dirixirán as accións enmarcadas no Plan de igualdade. procurarase que estas persoas dispoñan de horario lectivo para realizar a súa actividade.
- vaise constituír un **equipo de traballo** en materia de igualdade no centro para implementar as accións enmarcadas no Plan de igualdade.

- vaise difundir o plan de igualdade do centro entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás **familias**). Para iso, este documento estará accesible a toda a comunidade escolar na páxina web do centro.
- vaise promover a **formación** do profesorado e do alumnado en materia de igualdade. Con este obxectivo, decidimos que o profesorado interesado participe nun PFPP relacionado con esta temática. Asemade, en colaboración coa ANPA, o Concello e outras institucións, o alumnado participará en distintos obradoiros e charlas.
- vaise promover o uso dunha **linguaxe** inclusiva e igualitaria na actividade do centro. Con este obxectivo, revisaranse as notificacións e documentos oficiais. Asemade dende o centro facilitaranse guías e publicacións oficiais relacionadas con esta temática.
- vaise colaborar con outras **entidades** na realización de actividades coeducativas, de sensibilización, de educación afectivo-sexual etc. Para iso o Departamento de Orientación solicitará a participación en obradoiros e charlas relacionadas con estes temas. Tamén se participará nas actividades ofertadas dende a ANPA , o Concello e outras entidades relacionadas con estas temáticas.
- vanse concretar actividades arredor das **datas coeducativas** do calendario escolar. Con este obxectivo, promoveranse, dende os distintos equipos de dinamización, actividades relacionadas con cada unha destas datas.
- vaise promover a **revisión do material didáctico** con perspectiva de xénero. Con este obxectivo, os docentes farán unha revisión do material co obxecto de identificar estereotipos de xénero.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- vanse revisar as **programacións didácticas** desde unha perspectiva de xénero co fin de incluír:
 - as mulleres relevantes en cada ámbito do saber.
 - os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres.
 - as desigualdades de xénero.
 - a conquista dos dereitos. os fitos da historia da humanidade.
 - etc..

- vaise promover un cambio metodolóxico a través da práctica docente desde unha perspectiva de xénero co fin de producir o cambio cara á escola coeducativa. Para incidir nela, vaise promover:
 - a aprendizaxe cooperativa (fronte á competitiva) como oportunidade para o tratamento do conflito entre iguais, a negociación, a toma de decisións compartida e o respecto pola diversidade do grupo.
 - as actividades nas que se fomente a aprendizaxe dialóxica (debate) e o espírito crítico fronte ás desigualdades.
 - as actividades nas que se practica a comunicación non violenta (positiva, asertiva) como estratexia para resolución pacífica de conflitos.
 - a aprendizaxe entre iguais, co fin de favorecer a convivencia, os espazos de confianza e os factores de protección dentro do grupo.
 - a aprendizaxe significativa co fin de coñecer os intereses, gustos, afeccións, realidades, problemas etc. do alumnado.
 - a educación emocional co fin de favorecer a expresión das emocións e dos sentimentos. Con este obxectivo, decidimos construír espazos seguros para a súa expresión.
 - a adopción de normas de funcionamento e compromisos dentro do grupo.
 - actividades nas que se practica a corresponsabilidade no coidado das persoas, dos espazos e do medio.
 - abordar temáticas consideradas socialmente tabú, educativamente pouco abordadas, preocupantes socialmente etc. (educación afectivo-sexual, diversidade LGTBI, adiccións...) co fin de favorecer a visibilidade dos problemas existentes entre o alumnado.
- vaise revisar o **material didáctico** empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- vaise difundir información sobre igualdade /violencia de xénero/ diversidade LGTBI a través dun **taboleiro** situado na entrada do centro.
- vanse promover **lecturas coeducativas** a través da biblioteca escolar. Con este obxectivo:

- actualizaranse os fondos da biblioteca escolar ampliando os recursos alusivos a esta temática.
- creárase un espazo específico na biblioteca para visibilizar a sección coeducativa.
- váise revisar a idoneidade dos **contidos audiovisuais** das actividades do centro.
- vánse difundir **contidos de actualidade** para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real e efectiva.
- vánse xestionar as actividades de lecer e a ocupación do **patio** para favorecer a inclusión. Con este obxectivo:
 - reestruturárase o patio
 - incorporáranse normas de funcionamento do patio
 - impulsárase a práctica de determinados xogos/xoguetes
- váise incidir no bo uso das novas tecnoloxías. Con este obxectivo, organizaranse charlas ou obradoiros nas que se priorice a sensibilización e prevención de problemas de convivencia derivados do incumprimento da lei de protección de datos persoais respecto da toma ou difusión de contidos que atenten contra a dignidade persoal (ex. contido sexual, vida sexual).
- váise promover a prevención ante a **discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual** dende o ámbito da orientación educativa e vocacional. Con este obxectivo, dende o departamento de orientación organizaranse charlas e visitas a centros de bacharelato e formación profesional.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

- váise promover o **respecto** e o bo trato entre mulleres e homes. Con este obxectivo:
 - estableceranse compromisos de aula/centro para o respecto entre iguais ante problemas de convivencia comúns.
 - sensibilízase ante o que se entende como bo trato co fin de dar unha pauta de conduta, especialmente en casos de novas aprendizaxes vitais (ex. descubrimento do propio corpo, acollemento entre iguais, namoramento, compañeirismo, etc.).

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Sendo este o primeiro ano que botamos a andar o plan de igualdade do centro, ao cabo do ano faremos balance para supervisar os seguintes aspectos:

- cumprimento do plan establecido, actuacións que non se desenvolveron.
- impacto e alcance das accións desenvolvidas na comunidade educativa.
- dificultades observadas no desenvolvemento das accións.
- necesidades de mellora observadas para a súa realización en vindeiros cursos.

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os vindeiros cursos escolares co fin de axustar a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos ao noso contexto educativo.

Para realizar esta avaliación final definiremos os indicadores de medida e os instrumentos de avaliación que se consideren máis axeitados para cada actuación.

7. INDICADORES DE LOGRO/CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Indicadores coeducativos		ACADADO	NON ACADADO	EN PROCESO
1.	Realízanse actividades dirixidas a todo o alumnado do centro o 25 de novembro (Día Intern. contra a Violencia de Xénero). ⁱ			
2.	Realízanse actividades dirixidas a todo o alumnado do centro o 8 de marzo (Día Internacional da Muller) ⁱⁱ .			
3.	Realízanse actividades dirixidas a todo o alumnado do centro para fomentar o respecto pola diversidade afectivo-sexual ⁱⁱⁱ .			
4.	No Plan de Convivencia, figuran accións concretas para a prevención da violencia de xénero.			
5.	Realízanse accións concretas con todo o alumnado para o fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.			
6.	Realízanse accións concretas para a prevención da violencia de xénero .			
7.	O centro promove unha educación afectiva e sexual integral para todo o alumnado.			
8.	O centro promove unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.			
9.	O centro utiliza unha linguaxe coeducativa nos documentos de centro ^{iv} .			
10.	O Consello Escolar do centro ten nomeada unha persoa como responsable en materia de igualdade ^v .			
11.	O centro ten un Plan coeducativo de igualdade ^{vi} .			
12.	O centro aplica os pautas de actuación para previr e abordar as condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.			
13.	O centro ten a coeducación como unha das marcas de identidade do seu Proxecto Educativo.			



14.	O equipo directivo posúe formación específica en materia de igualdade e prevención da violencia machista.			
15.	O centro ten un equipo docente que se ocupa de coordinar as accións coeducativas.			
16.	O centro ofrece oportunidades para a participación activa e organizada do alumnado en actividades coeducativas.			
17.	O centro promove o uso de materiais didácticos coeducativos .			
18.	O centro procura a paridade nas accións de representación do profesorado.			
19.	O centro promove a paridade nas accións de participación e representación entre o alumnado.			
20.	O centro promove o uso pedagóxico de produtos culturais non sexistas no labor docente .			
21.	O centro promove o uso de produtos culturais non sexistas nas actividades complementarias e extraescolares .			
22.	O centro ten un PFPP centrado na elaboración do plan de igualdade ^{vii} .			
23.	O centro promove a participación non sexista en actividades deportivas .			
24.	O centro colabora con outras entidades (CIM, Servizos Sociais, Deputación) para impartir actividades de sensibilización.			
25.	O centro promove a participación do alumnado en concursos de sensibilización coeducativa.			
26.	A biblioteca escolar dispón dunha sección sobre igualdade/coeducación/feminismo.			
27.	O centro promove as lecturas coeducativas nas actividades de promoción do hábito lector.			
28.	O centro xestiona o uso do patio para facelo coeducativo.			
29.	O centro difunde información sobre campañas coeducativas institucionais ou doutras entidades.			
30.	O centro dispón dun taboleiro de novas ou difunde información sobre igualdade/violencia de xénero/LGTBI.			

Orde do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 28 de xuño de 2019). Artigo 8.

Ídem.

Ídem.

Lei orgánica 3/2007 de igualdade. Artigo 14.1.

Texto consolidado da LOE (LOMCE). Artigo 126.2 (centros públicos) e disposición final primeira (centros concertados).

Instrucción do 6 de setembro de 2019.

Resolución do 13 de xuño de 2018.

ANEXO III: DIRECTRICES PARA A CREACIÓN DOS EQUIPOS DE MEDIACIÓN.

O artigo 26 do Decreto 8/2015 indica que o plan de convivencia incluíra as directrices para a creación dos equipos de mediación. Deste xeito, o C.P.I. "Camiño de Santiago" establece as seguintes directrices:

1. O Compromiso do Centro.

O primeiro paso é conseguir o compromiso do centro, do equipo directivo, do claustro e do consello escolar. É conveniente que a decisión de implementar un programa de mediación surda do diagnóstico da convivencia no centro e sexa apoiado polos distintos grupos do mesmo. Este consenso é crucial xa que dependerá da viabilidade e sostibilidade do programa, que require varias reunións (xerais, por grupo de traballo ou outras formas que o centro considere oportunas) para compartir a proposta de realización, a aplicación do programa e tomar a decisión de facelo, idealmente por consenso ou, polo menos, co apoio da maioría das persoas implicadas.

2. Creación do Equipo Coordinador do Programa.

O equipo coordinador dirixe e xestiona a planificación, execución e desenvolvemento do programa de mediación. As tarefas do equipo coordinador inclúen:

- Diseñar o programa de mediación considerando todas as accións a realizar, os prazos e as persoas responsables.
- Organizar a selección de mediadores.
- Coordinar a loxística para a formación de mediadores.
- Organizar e supervisar o sistema de referencia de casos.
- Preparar o desenvolvemento de mediacións: horarios, espazos, asignación de mediadores, etc.
- Realizar reunións de seguimento cos mediadores.
- Manter un sistema de rexistro eficaz para todas as sesións de mediación e recoller os datos estatísticos necesarios.
- Realizar polo menos un evento anual para recoñecer o traballo dos mediadores.
- Difundir periodicamente o programa de mediación á comunidade escolar.
- Manter informados os profesores sobre a evolución do programa de mediación. Avaliar o programa e difundir os seus resultados.

3. Formación en Mediación.

Organizarase unha formación intensiva para todas as persoas interesadas, tanto profesores como estudantes e familias. A formación impartirase nun horario convinte para os participantes.

4. O Deseño do Programa e o Proceso de Implementación.

A) O equipo coordinador debe decidir:

- Os obxectivos do programa, xerais e específicos.
- O tipo de programa de mediación que se vai implementar, vertical u horizontal e se é un modelo “de patio” o “de derivación”. Este último aspecto afecta á educación primaria, xa que na secundaria no se emprega o modelo “de patio” e a mediación sempre é derivada.
- As persoas ás que está destinado: faremos mediacións en conflitos entre alumnos/as?, de que cursos?
- Os tipos de conflitos nos que se mediará e nos que no se mediará.

B) Definir de maneira concreta cada unha das seguintes fases:

- Selección do modo de entrenamiento do equipo mediador
- A difusión do programa, a organización da loxística e do funcionamento da mediación
- O seguimento
- A avaliación.

4. A Selección do Equipo Mediador.

Para ser un bo mediador é conveniente ter unha serie de habilidades ou características, como as seguintes:

- Potencial de liderado, ben positivo ou negativo.
- Sexa respectado polos compañeiros/as e inspire confianza.
- Teña o desexo de axudar a outros estudantes.
- Sexa fácil de falar.
- Sexa paciente e con calma.

- Ter sentido do humor.
- Ter iniciativa.
- Estar disposto a comprometerse co programa de mediación durante un ano lectivo completo. O equipo de mediadores debe estar composto por estudantes que reflictan a diversidade da poboación escolar (idade, sexo, cultura, nacionalidade ...). O número de mediadores depende do número de estudantes no centro e do número de espazos nos que se producen os recunchos. É conveniente adestrar a varios estudantes que permiten a cada un, só, servir unha vez por semana.

CARACTERÍSTICAS DA MEDIACIÓN

A mediación, como proceso de resolución de conflitos, baséase nunha serie de principios indispensables para o seu bo funcionamento:

- Voluntariado As partes participan voluntariamente na mediación e poden decidir saír en calquera momento. Ninguén pode verse obrigado a dialogar ou resolver un conflito deste xeito.
- Autonomía da decisión. As partes conservan a capacidade de tomar decisións sobre o seu conflito.
- Confidencialidade: o que se di na mediación non se pode repetir noutro foro.
- Boa fe: as partes van ao proceso de mediación porque o seu obxectivo é, en realidade, resolver o conflito. No ámbito escolar, un programa de mediación por pares ten un carácter fundamentalmente educativo. Cada conflito é unha oportunidade de aprendizaxe. A mediación é un exercicio de respecto, diálogo e toma de decisións conxuntas, no que se anima aos protagonistas do conflito a asumir a súa responsabilidade nela. Ademais, a experiencia da mediación é unha experiencia educativa na que se fomentan unha serie de competencias clave para a convivencia positiva: o coñecemento dun mesmo.
- Neutralidade e imparcialidade: os mediadores non xulgan ni arbitran. Tampouco se posicionan a favor dalgunha das partes. Son facilitadores do diálogo, de restablecer a comunicación e de conseguir o acordo das partes.
- Compromiso: as persoas que acceden a tomar parte na mediación son responsables da transformación do seu conflito. O acordo ó que se chegue depende exclusivamente da vontade das partes.

PAUTAS DE ACTUACIÓN PARA DERIVAR UN CASO A MEDIACIÓN

1. No programa de mediación estarán determinados os casos que sexan susceptibles de mediación e os que non son susceptibles de mediación, tendo sempre e conta a normativa vixente e o NOF do centro.
2. Será a persoa responsable da dirección quen, por petición de calquera membro da comunidade educativa, lle poderá ofrecer ao alumnado implicado en condutas contrarias ás normas de convivencia a posibilidade de acudir á mediación escolar, deixando constancia escrita da aceptación das condicións por todas as partes, así como do compromiso de que, en caso de acordo, se aceptará a realización das actuacións que se determinen.
3. Establecerase un procedementos para a comunicación á comisión de convivencia do centro, ao titor e á familia do alumno implicado.

ANEXO IV: PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIA SOCIAIS.

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN- MARCO TEÓRICO	97
2. CONTEXTUALIZACIÓN	98
3. OBXECTIVOS XERAIS	98
4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	99
5. BLOQUES DE CONTIDOS	100
6. METODOLOXÍA	101
ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN.....	104
MATERIAL BIBLIOGRÁFICO.....	105
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	107

1º Revisión 13 /01/ 2020 – A. M^a. P. S. (orientadora curso 2019-2020).

1. XUSTIFICACIÓN- MARCO TEÓRICO

Unha das metas da educación é aprender a convivir co obxectivo de formar cidadáns preparados para desenvolver a súa vida respectándose a si mesmos e ás demais persoas, responsabilizándose dos seus actos e procurando unha sociedade máis xusta e democrática. Nos centros educativos aprendemos a convivir porque compartimos vivencias nun espazo común, iso é a convivencia. Por tanto, os programas educativos que establezamos deben responder a estes retos:

- Ensinar a ser persoa: axudar ó alumnado na construción da súa identidade persoal, fundamentalmente relacionado con facilitar a integración no grupo e o desenvolvemento persoal e afectivo de cada alumno/a.
- Ensinar a comportarse: contribuír a que o alumnado mellore a súa capacidade de adaptación escolar e social, desenvolvendo actitudes e condutas positivas.
- Ensinar a convivir: desenvolver no alumnado as capacidades e habilidades básicas para unha boa convivencia, potenciando a organización cooperativa e o clima da aula.

A institución escolar forma parte da sociedade e, en parte, é un reflexo dela. Non é de estrañar, polo tanto, que no seu interior se produzan conflitos, asumindo que no ámbito da escola se reproducen, en grao diverso, os conflitos que están presentes na sociedade e aos que o sistema educativo debe responder positiva e construtivamente. O conflito en si mesmo non ten por que ser negativo, ao contrario, pode converterse nun elemento favorecedor da aprendizaxe.

Deste xeito, o departamento de orientación elabora este plan de habilidades sociais seguindo as instrucións da *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, polas que se insta á elaboración e desenvolvemento de programas de habilidades sociais dirixidos ó alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e tamén a aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ó centro (parte V da Exposición de Motivos e artigo 19.1 do Capítulo II do Título III da citada lei). Esta idea vese desenvolvida no *artigo 25.c do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de*

convivencia escolar polo que se desenvolve a devandita lei, onde regúlase que o plan de convivencia incluíra, en relación coa aula de convivencia, a programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

A poucos quilómetros de Santiago, seguindo a estrada de Lugo, atópase o CPI Camiño de Santiago na localidade de Pedrouzo, municipio do Pino. O Pino conta cunha poboación de 4.700 habitantes aproximadamente distribuídos en doce parroquias: Arca, Budiño, Castrofeito, Cebreiro, Cerceda, Ferreiros, Gonzar, Lardeiros, Medín, Pastor, Pereira e O Pino.

A paisaxe é pouco accidentada, de formas suaves e con pouca pendente. O río Tambre discorre pola zoa setentrional do municipio e o seu afluente, o Mera, polo centro. O clima é moi húmido, con altas precipitacións e cunha media anual próxima a 2.000 mm. A temperatura media anual é de 12,1 °C.

O nivel socioeconómico do alumnado é medio, medio-baixo e baixo. A lingua predominante é o galego. A base económica é fundamentalmente agrícola-gandeira, actividade á que se adica unha gran parte da poboación.

O CPI Camiño de Santiago conta con tres etapas educativas: Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria; e unha escola unitaria adscrita (Escola Unitaria de Gonzar).

Analizando a documentación que informa sobre a convivencia no centro observamos que, en xeral, a convivencia no centro é boa. Non obstante, si é certo que existen certas condutas disruptivas, falta de boas maneiras e faltas de respecto por parte dunha minoría de alumnos/as. Cando falamos de condutas disruptivas facemos referencia a actos tales como interrupcións nas clases, non realización de actividades/tarefas escolares, falta de implicación nas tarefas, contestacións inapropiadas cara ó profesorado e/ou alumnado e descoido/deterioro do material do centro. A falta de boas maneiras ten relación con feitos tales como falar a berros, dicir palabras malsoantes ou contestar.

3. OBXECTIVOS XERAIS

1. Desenvolver no alumnado habilidades de comunicación interpersonal e diálogo no seu contexto diario.
2. Desenvolver no alumnado condutas que lle permitan comunicar sentimentos, emocións e opinións, a través do autocoñecemento e autoconciencia emocional, conseguindo un control axeitado das propias emocións e comprensión das emocións dos demais.
3. Fomentar no alumnado un comportamento asertivo, que reduza as súas condutas tanto de inhibición e retraemento como de agresión e falta de respecto ós demais.
4. Desenvolver actitudes e estratexias para afrontar e resolver conflitos buscando solucións a través de habilidades de comunicación e negociación.
5. Fomentar a comunicación familias-servizos e axentes externos intermediarios na mellora da formación do alumnado e profesorado.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1.1. Desenvolver no alumnado condutas de cortesía, amabilidade e protocolo.
- 1.2. Dialogar e traballar en situacións de interacción entre iguais, utilizando as normas sociais básicas: que o alumnado sexa capaz de presentarse a si mesmo ou a outras persoas, poder iniciar unha conversa con certa facilidade e identificar distintas formas de facer amigos.
- 2.1. Identificar os principais sentimentos e emocións, recoñecéndooos nun mesmo e nos demais, diferenciando entre emocións positivas e negativas básicas.
- 2.2. Aprender condutas verbais e non verbais para recoñecer e emitir emocións.
- 2.3. Potenciar a xestión e control das emocións para conseguir autocontrol e mellorar as relacións cos demais.
- 3.1. Guiar ó alumnado no seu actuar diario, orientándoo, corrixíndoo e derivando a súa conduta cara un estilo asertivo, fomentado a súa autoestima e autonomía.
- 3.2. Identificar e diferenciar as características dos tres estilos de relación interpersonal: inhibido, asertivo e agresivo.
- 3.3. Fomentar a tolerancia e o respecto polas diferenzas individuais, valorando a diversidade como fonte de enriquecemento e potenciando actitudes de solidariedade e cooperación.

- 4.1. Mellorar a capacidade do alumnado para identificar problemas interpersoais, desenvolver estratexias de resolución de problemas, busca de solucións e toma de decisións.
- 4.2. Fomentar a habilidade para anticipar consecuencias, tendo en conta nunha situación de conflito, as posibles consecuencias dos seus actos e dos actos dos demais.
- 4.3. Fomentar estratexias de negociación, atopando alternativas de solucións que resulten aceptables para ambas partes.
- 5.1. Colaborar coas familias/axentes externos no desenvolvemento de programas ou actividades encamiñadas a fomentar o desenvolvemento de habilidades sociais e control de comportamento no alumnado.
- 5.2. Comunicación ás familias dos progresos conseguidos para o posterior reforzo e valoración dende a casa.

5. BLOQUES DE CONTIDOS

1. Habilidades básicas de comunicación interpersoal e diálogo:
 - 1.1. Os saúdos e as presentacións: coñecemento e uso destas condutas verbais e non verbais como sinal de recoñecemento e aceptación dos outros.
 - 1.2. O sorriso: coñecemento de que o sorriso amosa aceptación, aprobación e agrado. Uso desta conduta no verbal nas interaccións sociais.
 - 1.3. A mirada: conduta non verbal que indica escoita atenta e activa. Utilización da mirada como elemento inicial da comunicación.
 - 1.4. A linguaxe non verbal. Coñecemento dos xestos como elementos comunicadores. Importancia da linguaxe non verbal como acompañamento da linguaxe verbal.
 - 1.5. A conversa: iniciar, manter e rematar conversacións. Coñecemento e uso dos pasos condutuais para iniciar unha relación a través da conversa.
 - 1.6. Facer e recibir cumpridos. Coñecemento da importancia de facer cumpridos como elemento das relacións interpersoais. Aplicación de estratexias para reforzar ós outros e agradecer o reforzo que nos proporcionan os demais.
2. Habilidades para recoñecer e expresar sentimentos, emocións e opinións:
 - 2.1. A autoestima. Identificación das aptitudes, xestos e actitudes positivas nun mesmo e noutros/as. Recoñecemento dos dereitos e deberes nun mesmo/a e noutros/as.
 - 2.2. As emocións: avaliación, autoconecemento e recoñecemento dos distintos tipos de emocións nun mesmo e nos demais, control e expresión. Xestión das emocións.

- 2.3. Control do pensamento. Coñecemento da relación entre os sentimentos/emocións – pensamento – conducta/comportamento. Utilización do pensamento como medio regulador das emocións e, consecuentemente, do comportamento.
- 2.4. A empatía. Identificación das emocións e estados de ánimo nos demais. Resposta apropiada ante as emocións e sentimentos dos outros/as.

3. Habilidades para relacionarse con outros e mellorar a propia conduta.

- 3.1. Facer peticións. Manifestación dos nosos desexos, opinións e sentimentos de xeito empático e asertivo. Expresar queixas de xeito correcto.
- 3.2. Recoñecer e defender os propios dereitos e opinións respectando os dereitos e opinións dos demais. Coñecemento dos dereitos e deberes dos nenos/as e alumnado. Realización de peticións e solicitude de cambios de conduta que vulneran os dereitos propios. Saber dicir “non”.
- 3.3. A conduta: asertividade, pasividade e agresividade. Coñecemento das características de cada estilo de conduta. Aprendizaxe e posta en práctica dun estilo asertivo de comunicación.
- 3.4. Facer e recibir críticas.
- 3.5. Identificación de situacións problemáticas.
- 3.6. Estratexias de resolución de problemas: busca de solucións, anticipación de consecuencias, elección dunha posible solución e posta en práctica.
- 3.7. Habilidades de comunicación e negociación.

6. METODOLOXÍA

Este programa poderá desenvolverse das seguintes formas:

APLICACIÓN		RESPONSABLES
GRUPAL	➤ Grupos reducidos de alumnado con problemas de conduta /convivencia, que estean sancionados e permanezan na aula de convivencia.	Titor/a, profesorado da aula de convivencia, departamento de orientación.
	➤ Sesións de tutoría programadas no	Titor/a, profesionais dos

	PAT para traballar as habilidades sociais.	obradoiros de habilidades sociais e departamento de orientación.
INDIVIDUAL	➤ Alumnado sancionado por problemas de comportamento / convivencia que estea cumprindo a sanción na aula de convivencia.	Profesorado da aula de convivencia.
	➤ Alumnado que non estea asistindo ó centro por razón dunha sanción imposta.	Pais asesorados polo departamento de orientación.

BLOQUES CONTIDOS	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES
<p>1. Habilidades básicas de comunicación interpersonal e diálogo:</p> <p>1.1. Os saúdos e as presentacións: coñecemento e uso destas condutas verbais e non verbais como sinal de recoñecemento e aceptación dos outros.</p> <p>1.2. O sorriso: coñecemento de que o sorriso amosa aceptación, aprobación e agrado. Uso desta conduta no verbal nas interaccións sociais.</p> <p>1.3. A mirada: conduta non verbal que indica escoita atenta e activa. Utilización da mirada como elemento inicial da comunicación.</p> <p>1.4. A linguaxe non verbal. Coñecemento dos xestos como elementos comunicadores. Importancia da linguaxe non verbal como acompañamento da linguaxe verbal.</p> <p>1.5. A conversa: iniciar, manter e rematar conversacións. Coñecemento e uso das dos pasos condutuais para iniciar unha</p>	1º Trimestre	Titor/a Equipo Docente D. Orientación

<p>relación a través da conversa.</p> <p>1.6. Facer e recibir cumpridos. Coñecemento da importancia de facer cumpridos como elemento das relacións interpersoais. Aplicación de estratexias para reforzar ós outros e agradecer o reforzo que nos proporcionan os demais.</p> <p>1.7. A comunicación positiva.</p>		
<p>2. Habilidades para recoñecer e expresar sentimentos, emocións e opinións:</p> <p>2.1.A autoestima. Identificación das aptitudes, xestos e actitudes positivas nun mesmo e noutros/as. Recoñecemento dos dereitos e deberes nun mesmo/a e noutros/as.</p> <p>2.2 As emocións: avaliación, autocoñecemento e recoñecemento dos distintos tipos de emocións nun mesmo e nos demais, control e expresión. Xestión das emocións.</p> <p>2.3. Control do pensamento. Coñecemento da relación entre os sentimentos/emocións – pensamento – conducta/comportamento. Utilización do pensamento como medio regulador das emocións e, consecuentemente, do comportamento.</p> <p>2.4. A empatía. Identificación das emocións e estados de ánimo nos demais. Resposta apropiada ante as emocións e sentimentos dos outros/as.</p>	<p>2º Trimestre</p>	<p>Titor/a Equipo Docente D. Orientación</p>
<p>3. Habilidades para relacionarse con outros e mellorar a propia conduta:</p> <p>3.1. Facer peticións. Manifestación dos nosos desexos, opinións e sentimentos de xeito empático e asertivo. Expresar queixas de xeito correcto.</p> <p>3.2. Recoñecer e defender os propios dereitos e opinións respectando os dereitos e opinións dos demais. Coñecemento dos dereitos e deberes dos nenos/as e alumnado. Realización de peticións e solicitude de cambios de conduta que vulneran os</p>	<p>3º Trimestre</p>	<p>Titor/a Equipo Docente D. Orientación</p>

dereitos propios. Saber dicir “non”.

3.3. A conduta: asertividade, pasividade e agresividade. Coñecemento das características de cada estilo de conduta. Aprendizaxe e posta en práctica dun estilo asertivo de comunicación.

3.4. Facer e recibir críticas.

3.5. Identificación de situacións problemáticas.

ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

1. Presentación verbal e diálogo en torno a habilidade que se vai traballar:

- Que é a habilidade de....?
- Para que serve a habilidade de.....?
- Cando, onde, con quen é/non é apropiado poñer en xogo a habilidade de..?

2. Instrución verbal dos pasos condutuais que conforman a habilidade: as habilidades non son comportamentos simples, se non complexos e están formados por unha secuencia de condutas. O profesor/a explicará e irá identificando esas condutas necesarias que forman unha habilidade concreta.

3. Modelado: esta técnica é básica e de gran utilización no adestramento de habilidades sociais. O procedemento do modelado basease no mecanismo de aprendizaxe por observación. Consiste en que un ou varios modelos leven a cabo as condutas que se van traballar, mentres o alumnado que ten que aprender a habilidade obsérvaos. Os principais modelos a utilizar no ámbito escolar son os propios alumnos/as, profesorado, outros adultos, gravacións (vídeos, CDs, casetes), marionetas, monecos, fotografías, debuxos e personaxes virtuais.

4. Práctica: despois de que o alumno/a recibe as instrucións verbais en torno a unha habilidade e observa varios modelos que amosan as condutas necesarias para conseguir a habilidade pertinente, é importante que as practique para incorporalas ó seu repertorio. Esta práctica faise de dúas formas diferentes:

- Role-playing ou dramatización (situación simulada): dramatizamos situacións o máis parecidas á realidade posible para facilitar a transferencia do aprendido. É conveniente dramatizar os exemplos de situacións que poñen os alumnos/as.
 - Práctica oportuna (situación natural): o profesor/a, durante o funcionamento escolar habitual, pode promover a práctica e xeneralización das condutas interactivas aprendidas no adestramento previo de role-playing. É crucial reforzar e eloxiar a práctica destas condutas.
5. Feed-back e reforzamento: unha vez que o alumnado termina de practicar as condutas de role-playing, o profesor/a e outros alumnos/as aportan información de como viron o ensaio e proporcionan reforzo. Cando a execución da conduta foi correcta, proporcionáselle retroalimentación e reforzo para que a repita en situacións posteriores. Cando a execución non foi completamente correcta, infórmase dos aspectos a mellorar e, simultaneamente, se lle reforzan os compoñentes correctos da conduta e, en ton positivo, sinálase o que necesita mellorar e o que debería facer doutro xeito. Neste proceso é aconsellable ir introducindo a autoevaluación e o autoreforzamento. O alumnado debe aprender a avaliar a propia conduta: conseguín o que pretendía?, esforceime?, según o plan proposto?, como o fixen?, esforceime moito!!!, fínxeno ben!!!.
6. Tarefas: consiste en encargar ó alumnado que poña en práctica, fóra da aula, a habilidade social que se está a traballar e posteriormente faga un informe na clase de como foi esa aplicación práctica. Este proceso pode axustarse, de xeito xeral, a unha secuencia de tres fases:
1. Asignación e planificación das tarefas: o alumnado xunto co profesor/a planificarán as tarefas: que vou facer? (nome da habilidade), con quen?, cando e onde?, como? (pasos da habilidade axustados á realidade).
 2. Realización das tarefas por parte do alumnado nas situacións previstas na fase 1.
 3. Revisión das tarefas: na seguinte sesión de aula o alumnado da un informe verbal do realizado e recibe feedback e reforzo do profesor/a e compañeiros. Nesta revisión coméntanse as dificultades e os éxitos.

MATERIAL BIBLIOGRÁFICO

O centro conta coa seguinte bibliografía para axudar a desenvolver o plan:

- Armas Castro, M. E Armas Barbazán, L. (2006): *Que Me Dis De...Violencia Escolar*. Vigo: Nova Galicia Edicións.
- Carrascosa M^a J. & Martínez Mut, B. (1998). *Como Prevenir La Indisciplina*. Madrid: Escuela Española.
- Conangla, M. & Soler, J. (2013): *Exploradores Emocionales*. Badalona: Parramón.
- Fernández del Río, E. (2010): *Saber para Vivir. Autocontrol*. Vigo: Nova Galicia Edicións.
- Fresco Calvo, E. et al. (2001): *Acción Titorial, Transversalidade e Resolución de Conflictos*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- Hernández Morales, G. (2003): *Educación para Previ-la Violencia de Xénero. Guía para o profesorado de educación infantil e primaria*. Servizo Galego de Igualdade. Xunta de Galicia
- Hernández Morales, G. (2003): *Educación para Previ-la Violencia de Xénero. Guía para o profesorado de educación secundaria*. Servizo Galego de Igualdade. Xunta de Galicia.
- López Durán, A. (2010): *Que Me Dis De...Habilidades Sociais*. Vigo: Nova Galicia Edicións.
- Martínez López, M^a M.(1998) : *Las Habilidades Sociales en la Escuela - 1*. Valencia: Editorial Promolibro.
- Martínez López, M^a M. (1998) : *Las Habilidades Sociales en la Escuela - 2*. Valencia: Editorial Promolibro.
- Monjas Casares, M^a Inés (2016): *Como Promover la Convivencia: Programa de Asertividad y Habilidades Sociales (PAHS)*. Madrid: Editorial CEPE.
- Monjas Casares, M^a Inés (2017): *Programa de Enseñanza de Habilidades de Interacción Social (PEHIS) para niños/as y adolescentes*. Madrid: Editorial CEPE.
- Radl Philipp, R. (2005): *Que Me Dis De... Respecto á Igualdade*. Vigo:Nova Galicia Edicións.
- Soto, S. (2007): *Aprendendo A Previr A Violencia De Xénero*. Xunta de Galicia.
- Vaello Orts, J. (2003): *Resolución de Conflictos en el Aula*. Madrid: Santillana.
- Vallés Arándiga, A. & Vallés Tortosa, C. (2009): *Habilidades Sociales. 1º Ciclo de EP*. Alcoy: Editorial Marfil.
- Vallés Arándiga, A. & Vallés Tortosa, C.(2009): *Habilidades Sociales. 2º Ciclo de EP*. Alcoy: Editorial Marfil.
- Vallés Arándiga, A. E& Vallés Tortosa, C. (2009): *Habilidades Sociales. 3º Ciclo de EP*. Alcoy: Editorial Marfil.

- Vallés Arándiga, A. & Vallés Tortosa, C. (2008): *Habilidades Sociales. 1º Ciclo de ESO*. Alcoy: Editorial Marfil.
- Vidal, M.: *Crecer y Aprender. Habilidades Sociales y Emocionales. 3 Años*. Editorial ICCE, 2004.
- Vidal, M.: *Crecer y Aprender. Habilidades Sociales y Emocionales. 4 Años*. Editorial ICCE, 2004.
- Vidal, M.: *Crecer y Aprender. Habilidades Sociales y Emocionales. 5 Años*. Editorial ICCE, 2004.
- Xunta de Galicia: *Programa de Sensibilización sobre o Maltrato entre Iguais. Material das Familias. Material do Profesorado. Material do Alumnado*. Edita Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Habilidades básicas de interacción social:
 - 1.1. Aмосa unha actitude educada e de respecto con compañeiros e profesorado.
 - 1.2. Utiliza unha linguaxe verbal e non verbal axeitada ó contexto.
 - 1.3. Pode iniciar e manter unha conversa con iguais e profesorado.
2. Habilidades para recoñecer e expresar sentimentos, emocións e opinións:
 - 2.1. Recoñece as súas emocións e as dos demais, comprendendo as causas que as producen.
 - 2.2. Controla as súas emocións, recoñecendo a diferenza entre o que se sente, o que se pensa e o que se fai.
 - 2.3. Presenta maior tolerancia á frustración.
 - 2.4. Expresa o enfado e outras emocións negativas dunha maneira axeitada e socialmente correcta.
 - 2.5. Respecta e recoñece o punto de vista, os estados de ánimo e os planeamentos do interlocutor.
 - 2.6. Aмосa sensibilidade cara ós sentimentos dos demais
3. Habilidades para relacionarse con outros e mellorar a propia conduta.
 - 3.1. Aмосa unha actitude de escoita activa.
 - 3.2. Identifica situacións problemáticas, conflitos e causas.



- 3.3. Propón distintas alternativas ou solucións ante determinados conflitos ou problemas.
- 3.4. Participa na vida do centro e practica o diálogo para superar os conflitos nas relacións escolares e familiares.
- 3.5. Identifica e rexeita, a partir da análise de feitos reais ou figurados, as situacións de discriminación de persoas de diferente orixe, xénero, ideoloxía, relixión, etc., respectando as diferencias persoais e amosando autonomía de criterio.

ANEXO V: INFORME DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Critério	Puntuación (0-10)	Observacións
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior. <i>Moi negativa: 0 Moi positiva: 10</i>		
Alcance do plan de convivencia. <i>Non hai plan: 0 Alcance moi amplo:10</i>		
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia. <i>Non se cumpriu ningún: 0 Cumpríronse todos:10</i>		
Renovación do plan de convivencia. <i>Non se renova: 0 Renóvase anualmente:10</i>		
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia. <i>Non se desenvolveu ningunha: 0 Desenvolvéronse todas: 10</i>		
Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa. <i>Non hai implicación: 0 Implicación total: 10</i>		
Funcionamento da comisión de convivencia do centro <i>Moi deficitario: 0 Excelente:10</i>		
Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia <i>Non existiu coordinación: 0 A coordinación foi moi alta: 10</i>		
Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia <i>Non existen: 0 Fixéronse un gran número: 10</i>		
Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10</i>		
Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso? <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10</i>		
Seguimento dos criterios e condicións establecidas para a aula de convivencia inclusiva. <i>Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</i>		
Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos. <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>		
Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>		
Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá <i>Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</i>		
Valoración global da situación da convivencia escolar no centro <i>Moi negativa: 0 Moi positiva: 10</i>		
PUNTUACIÓN TOTAL		